



Orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela

2021

"...no medio da adversidade reside a oportunidade"

Albert Einstein

Aprobados polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2021
Aprobados polo Consello Social do 7 de maio de 2021

Índice

I. LIMIAR	1
II. ORZAMENTOS DA USC PARA 2021	38
III. ANEXOS.....	52
Anexo A. Clasificación orgánica do orzamento	53
Anexo B. Clasificación económica de ingresos 2021	57
Anexo C. Clasificación económica, orgánica e funcional de gastos 2021	60
Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios	71
Anexo E. Créditos asignados aos centros docentes	73
Anexo F. Composición das partidas do fondo de I+D+i	75
Anexo G. Distribución dos fondos do convenio co Banco Santander	77
Anexo H. Actuacións previstas en obra RAM e infraestruturas.....	79
Anexo I. Compensación de custos indirectos.....	80
Anexo L. Cadros de persoal	81
Anexo M. Relación de postos de traballo do PAS	84
Anexo N. Relación de postos de traballo do PDI	127

I. LIMIAR

Sen dúbida, a pandemia polo coronavirus SARS-CoV-2 condicionou o devir da comunidade universitaria e da Universidade de Santiago de Compostela desde principios de 2020, ao igual que o da sociedade galega e a sociedade a nivel global. Supuxo o atraso dalgunha das accións planificadas, como veremos máis adiante, pero tamén convén reflexionar sobre as oportunidades que esta crise, sen precedentes, trouxo consigo.

Podemos afirmar que estes serán os orzamentos da COVID-19 porque neste momento a crise sanitaria aínda non se superou e as expectativas son que continúe condicionando o funcionamento regular da Institución e da sociedade durante o que resta de ano. Debemos, polo tanto, formular actuacións que sirvan para paliar os efectos que a COVID está provocando pero tamén que senten as bases da recuperación, prevendo un restablecemento da normalidade a medio prazo, e sobre todo, poñendo o acento en empregar esta circunstancia sobrevida como motor dun cambio necesario no funcionamento da institución, que, se ben non é unha novidade, si que se puxo de manifesto durante o tempo que levamos xestionando esta crise.

A modo de revisión da xestión derivada da pandemia pola COVID-19, cómpre facer fincapé nas oportunidades que se presentaron e reflexionar sobre a experiencia e os elementos que debemos aproveitar.

En primeiro lugar, a declaración da emerxencia sanitaria en Galicia o 13 de marzo de 2020 e do estado de alarma a nivel estatal o 14 de marzo de 2020 precipitaron unha serie de decisións por parte do equipo de goberno para adaptar o funcionamento da institución ás restricións legais adoptadas polas autoridades sanitarias. Foi obrigado desenvolver resolucións, instrucións e guías técnicas nun tempo moi breve, ao ditado dos diarios e boletíns oficiais, de xeito resolutivo e decidindo sobre as cuestións maiores e menores que afectan á vida universitaria. Nesa situación, a constitución dun Comité de Crise e dunha estrutura de xestión descentralizada, coordinada a través dunha única voz pero con decisións coparticipadas, foi crucial para asegurar a xestión durante estes meses, así como o compromiso exemplar dos membros da comunidade universitaria e, en particular, do alumnado.

Avanzando na pandemia, a posta en marcha do curso 2020-2021 foi posible grazas a varios grupos de traballo pero, con especial recoñecemento, grazas ao Colexio de decanos/as e directores/as de centro, aos delegados/as COVID de cada edificio da USC, ao persoal das conserxarías e, singularmente, ao Comité de Xestión COVID que se reuniu

desde agosto cada semana para tomar as decisións necesarias para o desenvolvemento dunha presencialidade segura, tanto na docencia como no resto de actividades e servizos que se prestan na universidade.

O papel do alumnado nesta pandemia merece unha mención singular, pois destacou pola súa capacidade de adaptación a todas as restricións impostas na evolución da pandemia, tanto no referente á docencia como no uso dos espazos, onde contribúen activamente ao mantemento das medidas fronte á COVID. O seu compromiso tamén se aprecia na participación de 150 alumnas e alumnos no Programa de Voluntariado COVID-19 que axudou á implantación efectiva das accións básicas de protección nas aulas: distancia física, uso de máscaras e ventilación. Ademais, a súa implicación no cribado realizado no mes de outubro por indicación da Consellería de Sanidade foi crucial para que se puidese desenvolver con éxito. Así mesmo, a implicación do colectivo na xestión da situación extraordinaria provocada polo coronavirus pode observarse a través da acción do Programa de Alumnos/as Tutores/as, que actúa nos centros como canle de difusión e información cos seus compañeiros e compañeiras.

Cómpre tamén facer referencia a dúas oficinas creadas *ad hoc* para a xestión da pandemia. A primeira, a Oficina Virtual de Atención, púxose en marcha pouco despois da declaración do primeiro estado de alarma e estaba organizada de xeito especializado en catro ámbitos: alumnado, persoal, investigación e asuntos xerais. Atendeu con éxito durante o primeiro confinamento a toda a comunidade universitaria e ao público que precisaba relacionarse coa Universidade, poñendo á súa disposición tres canles (correo electrónico, teléfono e *whatsapp*) que permitiron unha comunicación áxil e a resolución fluída das incidencias que se ían producindo.

A segunda, a Oficina de Xestión COVID, iniciou o seu traballo co comezo do curso 2020-2021 e está dirixida fundamentalmente á atención de incidencias derivadas da enfermidade por coronavirus e á xestión e distribución do material hixiénico-sanitario que precisan os diferentes centros da USC. A Oficina COVID é un exemplo de estrutura centralizada que, en coordinación cos delegados e delegadas COVID dos centros e co persoal de conserxaría, contribúe ao funcionamento da institución a pesar das circunstancias difíciles nas que nos atopamos.

Así mesmo, cómpre recoñecer o esforzo realizado desde os distintos ámbitos da xestión para asegurar que, nestas circunstancias, as actividades da docencia e da investigación puideran desenvolverse con relativa normalidade.

Neste punto, é case obrigada a reflexión sobre a transformación radical da xestión que deberíamos abordar canto antes. Á vista da experiencia, que poderíamos cualificar como exitosa de non ser polas circunstancias que a motivaron, temos que camiñar con paso firme na desburocratización da administración universitaria, eliminando trámites innecesarios que nos levan a atrasar decisións e actuacións que se someten, en moitos casos cun criterio demasiado formalista ou simplemente por tradición, a órganos de goberno ou a procedementos de autorización que, pretendendo ser garantistas, resultan ineficientes e entorpecen as funcións esenciais que a universidade debe atender: a docencia, a investigación e a extensión universitaria cara á sociedade.

A COVID ensinounos que, en ocasións, tan importante como acertar é tomar decisións a tempo.

Esta pandemia trouxo consigo outra idea que debemos ter en conta: a importancia da prevención e da previsión. A adopción de medidas hixiénico-sanitarias que permitisen o traballo de xeito presencial e, máis tarde, a actividade docente levou a mobilizar unha estrutura formada polo persoal de conserxaría, cun papel fundamental polo coñecemento das instalacións, de delegados e delegadas COVID que adaptaron as medidas á realidade dos seus centros, delegados e delegadas de prevención, e do propio Servizo de Prevención de Riscos, que mantivo e mantén a seguridade necesaria para continuar coa actividade universitaria en xeral, pilotada polo Comité de Xestión COVID.

Esta experiencia permitiu dar os primeiros pasos para poñer en valor esa estrutura, revisando as funcións do persoal das conserxarías e centrando o seu papel na atención á comunidade universitaria, na pretensión e no entendemento de que devolver a vida, a atención e a xestión aos centros significa gañar na prestación dos servizos, achegándonos ao alumnado e tamén ao persoal que no día a día se relacionan de forma estable nos centros onde estudan ou desempeñan o seu labor.

Polo tanto, esta reflexión debe servir para continuar realizando reformas na estrutura organizativa baseadas nesas premisas de descentralización e codecisión, e enfocadas á prestación dun servizo próximo ás persoas que compoñen a comunidade universitaria ou que se relacionan coa institución.

Unido ao anterior, a crise sanitaria déixanos a evidencia de que é necesario dispoñer de espazos físicos saudables, cun concepto aberto e diáfano, que contribúan tamén a ese servizo próximo ás persoas e á renovación da imaxe da Universidade. Neste senso, durante o 2020, a pesar das eventualidades, foi posible levar a cabo as obras de integración

do espazo físico da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e que exemplifica ese cambio de filosofía poñendo os espazos ao servizo das persoas.

Volvendo sobre o aprendido durante esta pandemia, as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias para frear a interacción social serviron para comprobar que os horarios expandidos, fundamentalmente na actividade docente, impiden a conciliación laboral, familiar e persoal e a xestión eficiente dos recursos. A Universidade de Santiago de Compostela debe aproveitar as circunstancias para camiñar cara a un modelo europeo, cunha franxa horaria para a docencia máis concentrada, que, ademais de favorecer a conciliación, permita poñer en valor outras actividades de extensión universitaria, como a cultura e o deporte, dificilmente compatibles con horarios tan amplos.

Outra aprendizaxe da crise por COVID é a relativa á dixitalización. A suspensión da actividade docente presencial implicou que dun día para outro o servizo esencial da universidade se pasase a prestar de xeito non presencial, ao igual que moitas das actividades auxiliares necesarias para o funcionamento da institución. O compromiso de todo o persoal fixo posible que isto se fixese en tempo récord e con relativo éxito, pero non se pode obviar que é preciso avanzar na dixitalización dos servizos prestados. Isto permitirá, á súa vez, poñer ao dispor da comunidade universitaria recursos aos que poidan acceder desde calquera lugar e, así mesmo, avanzar na implantación da modalidade de teletraballo para o persoal de administración.

Como última reflexión sobre os valores aprendidos dende o inicio da pandemia, podemos destacar como a comunicación, tanto na súa dimensión interna como externa, se definiu como un dos elementos clave para a xestión da crise.

Por unha banda, o reforzo da comunicación interna foi absolutamente necesario para transmitir a normativa cambiante que se elaborou e se está a elaborar en cada momento. Así, resolucións, instrucións e guías de actuación chegaron aos membros da comunidade universitaria de forma áxil e rápida a través das ferramentas corporativas como o correo electrónico, a aplicación móbil oficial da USC e, sobre todo, da páxina web institucional sobre o coronavirus, onde se concentrou toda a información de forma accesible e que constituíu unha referencia para toda a comunidade. Tamén se debe destacar o cambio cultural na organización que trouxo consigo a celebración de reunións telemáticas, con convocatorias en prazos reducidos en moitos casos, evitando os desprazamentos do persoal e axilizando a toma de decisións.

Pola outra, a dimensión externa da comunicación viuse reforzada colocando a marca USC nos medios no lugar que lle corresponde, conectándoa coa sociedade e permitindo actuacións como enfrontar o sinalamento do alumnado como principal colectivo culpable da transmisión do virus ou defender o papel que a universidade pública ten e debe ter na sociedade, máis en tempos de crise.

Debemos profundar nunha política de comunicación material e formal renovada, áxil e acorde aos tempos que vivimos, que contribúa a situar a institución e definir o seu rol na sociedade ao tempo que sirva para mellorar o entendemento e comunicación cos membros da comunidade universitaria. Esta realidade debe marcar as liñas instrumentais do orzamento de 2021.

A situación económica actual e o escenario económico

A irrupción da pandemia tivo consecuencias económicas na institución que é preciso revisar e tamén frustrou algunhas actuacións previstas nos orzamentos do 2020.

En primeiro lugar, o peche de instalacións implicou certo aforro nas subministracións, que supuxo arredor de 0,3 millóns de euros. Non obstante, a perda de ingresos foi moi superior, especialmente a derivada da captación de recursos por prestación de servizos de I+D+i, a perda de cotas en servizos complementarios como o de residencias, deportes, canons de cafetarías e comedores universitarios e, de xeito colateral, a perda derivada de operacións que non se puideron executar, como a venda da parcela situada no Campus Norte. A esta perda de ingresos, de arredor de 6,9 millóns de euros, hai que engadir o maior gasto derivado da xestión da pandemia, especialmente o material hixiénico-sanitario e o material tecnolóxico para adaptar a prestación dos servizos a esta nova realidade.

A captación de recursos extraordinarios derivados da COVID a través dun convenio coa Xunta de Galicia e dunha transferencia finalista por importe total de 6 millóns, paliou parcialmente o eventual déficit orzamentario pero as expectativas razoables para o exercicio 2021 deben ter en conta que a recuperación non será completa neste ano nin, probablemente, nos vindeiros.

Porén, é preciso poñer en valor que, a pesar das circunstancias, a Universidade foi quen de facer fronte á débeda programada para o 2020, que ascendeu a 3,8 millóns de euros, unha das contías máis altas tendo en conta os cadros de amortización, e de manter a estabilidade financeira e económica da institución contendo o gasto na medida do posible mediante a compensación do gasto extraordinario que supuxeron as medidas fronte á

COVID coa contención durante o exercicio e, sobre todo, coa responsabilidade que amosaron todos os centros de gasto ante a situación excepcional que estamos vivindo. Cómpre destacar que a USC baixa dos 20 millóns de débeda por primeira vez en máis dunha década.

CADRO ANUAL DE AMORTIZACIÓN DA DÉBEDA DA USC					
Exercicio	Débeda bancaria	Anticipos autonómicos	Anticipos estatais	Anticipos estatais e autonómicos	Total
2021	1.841.931,98	646.658,34	424.291,40	1.070.949,74	2.912.881,72
2022	1.856.465,98	646.658,34	84.275,73	730.934,07	2.587.400,05
2023	1.871.297,13	646.658,34	45.292,06	691.950,40	2.563.247,53
2024	1.886.431,50	468.750,01	45.292,02	514.042,03	2.400.473,53
2025	1.901.875,29	468.750,01	0,00	468.750,01	2.370.625,30
2026	1.917.634,82	468.750,01	0,00	468.750,01	2.386.384,83
2027	1.933.716,56	468.750,01	0,00	468.750,01	2.402.466,57
2028	1.833.615,61	468.750,01	0,00	468.750,01	2.302.365,62
TOTAIS	15.042.968,87	4.283.725,07	599.151,21	4.882.876,28	19.925.845,15

A situación financeira da Universidade tamén se ve condicionada pola incorporación de remanentes dun exercicio ao seguinte, vencellados á dinámica de ingreso e gasto das actividades con financiamento finalista.

A evolución do déficit de financiamento acumulado foi lixeiramente positiva no ano 2019, se ben continúa tendo carácter estrutural:

Exercicio	Déficit de financiamento acumulado	Resultado orzamentario axustado
2013	9.263.960,06	-8.737.829,66
2014	14.657.120,24	-5.351.914,29
2015	12.686.776,65	1.660.417,88
2016	9.474.912,11	2.954.413,96
2017	9.188.256,42	286.655,69
2018	10.337.693,05	-1.149.436,63
2019	10.100.978,95	236.688,00

En canto á evolución dos remanentes incorporados a cada exercicio é a seguinte:

Exercicio	Remanentes incorporados	Déficit acumulado
2015	32.855.304,34	14.657.120,24
2016	29.797.082,89	12.686.776,65
2017	37.225.511,10	9.474.912,11
2018	31.200.734,95	9.188.256,42
2019	32.364.750,36	10.337.666,95
2020	35.959.175,31	10.100.978,95

Porén, haberá que agardar ao peche de contas de 2020 para analizar a eventual incidencia que a crise pola COVID-19 puido ter no déficit acumulado da Universidade.

A continuación revisaremos o estado de execución dos obxectivos programados nos orzamentos de 2020 que contemplaban 5 liñas, 3 prioritarias e 2 instrumentais:

LIÑAS PRIORITARIAS

1. As persoas

Nesta liña contemplábanse actuacións dirixidas ao alumnado no relativo ao Servizo Universitario de Residencias, conducentes a paliar o problema crecente do alugueiro na cidade de Santiago, que non se puideron completar e para o que a pandemia veu dar unha solución provisoria ao baixar a tensión nos prezos de alugueiro. No momento de declaración do estado de alarma o equipo de goberno adoptou medidas para suspender o cobro da cota de residente, devolver as contías cobradas ao alumnado que non permaneceu nas residencias e prestar o servizo de xeito gratuíto ao alumnado que tivo que quedar durante os meses de marzo a maio. Isto supuxo unha caída de ingresos de 0,9 millóns con respecto ao exercicio 2019.

Non obstante, cómpre destacar que se puxo a disposición do alumnado máis vulnerable polo impacto económico do coronavirus unha liña de axudas para a conexión a internet e de material informático na que se investiron 230.000 euros.

Nesta liña contemplábase tamén o programa piloto de integración das Unidades de Xestión de Centro e Departamentos na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, que se puido levar a cabo, como se mencionou no apartado anterior, e cuxo importe ascendeu a 173.000 euros.

En relación cos Plans plurianuais para o persoal, a declaración do estado de alarma e a suspensión dos prazos administrativos atrasaron con carácter xeral moitos procesos,

especialmente os relativos a procesos selectivos de persoal e que constituían unha liña das programadas nos orzamentos de 2020. A pesar de que nos meses finais de 2020 se impulsaron, durante o 2021 será preciso continuar con este esforzo para recuperar a programación inicial.

Malia o anterior, no 2020 as partidas previstas para as execucións destes plans eran de 720.000 para o Plan de PDI e 700.000 para o de PAS e a execución das accións programadas no Plan Plurianual de Profesorado foi de 717.823,17 euros e as relativas ao Plan de PAS ascenderon a 654.922,12 euros.

Mención especial merece a aprobación e publicación do *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela*, publicado no Diario Oficial de Galicia o 24 de novembro de 2020. Este acordo, que será a base dun cambio no modelo de investigación da USC, foi traballado con todos os sectores implicados durante máis de sete meses e obtivo un amplo consenso sindical e tamén nos órganos de goberno, como se puxo de manifesto na súa aprobación en xullo de 2020. A carreira investigadora, como factor clave do acordo, abre a oportunidade a estabilizar a investigación en estruturas consolidadas e a cambiar o modelo de financiamento que lastra o seu desenvolvemento ao tratarse de recursos condicionados e finalistas.

Por outra banda, a equiparación progresiva do persoal de apoio á investigación co persoal de administración e servizos permite a mellora das súas condicións laborais e recoñecemento do seu labor, superando a distinción existente entre os dous colectivos e a discriminación que levou, en non poucas ocasións, a unha conflitividade xudicial que debe reducirse en beneficio de todos.

2. Os medios necesarios

Nesta liña proxectábanse fundamentalmente obras de mellora das infraestruturas que non só se conseguiron completar, senón que, por mor da pandemia, foi necesario abordar novas reformas que non estaban previstas e que contribúen a ter espazos seguros, renovados e adaptados aos requirimentos actuais da docencia. Entre estas actuacións, destacan as seguintes:

- Acondicionamento de espazos na Casa da Balconada, San Xerome, Fonseca, Pavillón Estudiantil, Pavillón de Servizos e Edificio Cactus de Santiago para garantir as medidas de distancia social, que superou os 300.000 euros.

- Adquisición de paneis e anteparos para múltiples centros co obxecto de implantar medidas físicas de prevención, que ascendeu a 6.000 euros.

- Dotación de 250 aulas con medios para a docencia mixta (asistencia física na aula e telepresencial): electrificación para o uso de dispositivos persoais, extensión da rede wifi ás aulas e dotación de dispositivos audiovisuais en directo que permiten a gravación de clases. Estas actuacións sumaron no exercicio 2020 un pouco máis de 670.000 euros.

Ademais, cómpre destacar a presentación do proxecto de Cidade da Saúde, un proxecto integral para dar resposta aos problemas de infraestruturas da Universidade nun prazo razoable e de xeito progresivo, sen comprometer a viabilidade da institución. Neste proxecto contéplanse actuacións de mellora no edificio da Facultade de Medicina e Odontoloxía situado en San Francisco e que xa se iniciaron nestes momentos, co obxectivo de dotar novos espazos docentes coa reforma do salón de actos, que permitirán no futuro outros usos desa instalación situada nun enclave privilexiado por un importe de 1 millón de euros. Así mesmo, contéplanse actuacións na Facultade de Farmacia que se describen nas actuacións para o 2021.

3. A cooperación institucional

Nos orzamentos do 2020 mantívose a aposta pola cooperación institucional coas diferentes administracións. Mostra disto é a captación de recursos, a través do INEGA, para a mellora e a eficiencia enerxética de diversas infraestruturas e recursos para a renovación das fachadas de San Xerome e Fonseca, actuación prevista no Plan de Infraestruturas da USC e que suporán un investimento de 500.000 euros.

Así mesmo, a relación foi fluída coas deputacións da Coruña e Lugo, plenamente implicadas na colaboración institucional coa Universidade e con outras entidades como o Concello de Ames, colaboración esta que xa deu lugar á sinatura dun convenio.

Os problemas existentes nos campus das dúas cidades non poden verse aprazados continuamente pola falta de impulso institucional, polo que, desde a Universidade, deberemos programar as actuacións necesarias para que os espazos universitarios revivan e se poñan a disposición da comunidade universitaria e da sociedade.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Corresponsabilidade no gasto

A descentralización de recursos aos centros, iniciada no 2019, revélase como un aspecto clave para a xestión eficiente e corresponsable dos recursos. Se ben a pandemia freou a execución nalgúns casos, considérase un pilar fundamental seguir profundando na descentralización de recursos, empregando a información que nos proporciona o modelo de Contabilidade Analítica.

O peche dos centros docentes permitiu abordar reformas puntuais previstas polos equipos decanais e de dirección cos eses recursos descentralizados cuxo grao de execución acadou o 92 % da partida RAM descentralizada prevista nos orzamentos de 2020 e que reforza o acerto desta estratexia de descentralización.

5. Transparencia, rigor e control

Sobre esta liña instrumental, a aprobación do novo Regulamento de xestión orzamentaria permite avanzar nestes tres principios de actuación. Así, esta norma é un paso fundamental para a modernización da xestión universitaria, que debe ter continuidade co emprego de medios técnicos seguros e eficientes e coa capacitación e formación do persoal. Así mesmo, o Regulamento persegue dotar dunha maior estabilidade ao réxime orzamentario da institución, constituíndo un marco normativo común que garanta a sustentabilidade financeira a longo prazo da institución universitaria.

Entrando agora no escenario económico e de contexto, cómpre sinalar varias circunstancias que se deben ter en conta para a elaboración dos orzamentos.

No ano 2019 o crecemento da economía española moderouse, medrando un dous por cento fronte ao 2,4 por cento do ano 2018. Dentro da senda da economía mundial xa se prevía unha desaceleración progresiva, pero a chegada da COVID-19 supuxo unha cambio brusco, orixinando unha recesión aguda da actividade económica e a caída do produto interior bruto (PIB).

As últimas estimacións sinalan unha caída do PIB real dun 11,2 por cento no conxunto do territorio nacional, prevendo un descenso algo menor en Galicia, e calcúlase unha porcentaxe de minoración do PIB do 9,7 por cento. Non obstante, para o ano 2021 as previsións económicas estiman unha recuperación da economía, situando o ascenso do PIB en arredor do seis con cinco por cento.

Prevese unha captación extraordinaria de recursos finalistas no 2021 a través de diferentes mecanismos, aínda que nestes momentos o grao de incerteza sobre o seu funcionamento

e execución neste exercicio é alto. Polo momento, a USC recibirá 4,04 millóns procedentes dos fondos recibidos polas comunidades autónomas e consignados nos orzamentos de Galicia e prevese, de xeito prudente, a captación de arredor de 2 millóns de euros procedentes de fondos e plans do Estado.

A Comisión Europea aprobou un importante paquete de apoio financeiro, do que as comunidades autónomas xestionarán unha importante parte procedente da Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, REACT-EU, un novo instrumento que segue a lóxica do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE) para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

Así, no marco dos coñecidos como fondos *Next Generation*, a Universidade de Santiago de Compostela promoverá, apoiará e canalizará as manifestacións de interese a través dunha Oficina de Coordinación de Accións para os Plans de Recuperación Económica, liderada desde o Gabinete do Reitor.

Por outra banda, como consecuencia da extraordinaria situación, a Comisión Europea comunicou a activación da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento, que facilita a coordinación das políticas orzamentarias en tempos de grave recesión económica e permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario no mediano prazo, sempre que esta non poña en perigo a sustentabilidade orzamentaria a medio prazo.

As Recomendacións do Consello Europeo relativas ao Programa Nacional de Reformas de 2020 de España e o ditame do Consello sobre o Programa de Estabilidade de 2020 para España, aconsellan que, durante 2020 e 2021, e en consonancia coa cláusula xeral de salvagarda, se combata eficazmente a pandemia, se sosteña a economía e se apoie a posterior recuperación de forma eficaz, permitindo a España apartarse temporalmente da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario a medio prazo.

Na aplicación do anterior, o Consello de Ministros do pasado 6 de outubro aprobou a suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021, co obxecto de paliar a deterioración que produce esta crise sanitaria, que se substitúen por unhas taxas de referencia ao déficit e á débeda pública.

Á vista do anterior, os obxectivos destes orzamentos deben ser tamén procurar a máxima normalidade nas actividades da Universidade mentres convivamos coa pandemia e sentar as bases para a recuperación fixando actuacións prioritarias no relativo ás persoas,

entendidas como o conxunto da comunidade universitaria, o mantemento e recuperación de infraestruturas e a renovación da universidade, tanto a nivel de xestión como de imaxe.

Dentro deste apartado de contexto, debemos mencionar a apertura do proceso de negociación do novo Plan Galego de Financiamento Universitario. O anterior plan, con vixencia ata o ano 2020, viuse prorrogado polas circunstancias derivadas da pandemia, xa que a negociación, iniciada en febreiro de 2020, quedou interrompida pola declaración do estado de alarma. Unha vez retomada, no exercicio 2021 terán lugar as negociacións que, se ben son importantes para o futuro da institución, non terán reflexo nestes orzamentos que aquí se presentan.

En calquera caso, a importancia desa negociación fai que este asunto teña un alcance institucional que excede ao goberno que represente á institución nesa negociación. Neste sentido, constituíse en 2020 un grupo mixto de traballo interno, formado por membros das Comisións delegadas de Asuntos Económicos do Claustro e do Consello de Goberno, que elaborou unha primeira proposta de posicionamento da Universidade de cara á negociación e que analizará as propostas que a Xunta de Galicia traslade ás universidades do SUG.

As liñas básicas dese posicionamento son as seguintes:

- a) Maior flexibilidade no plan que permita dar resposta a cambios significativos con incidencia no financiamento das universidades (incrementos retributivos, cambios normativos e outros).
- b) Contemplan un plan de investimentos en infraestruturas do Plan Galego de Financiamento Universitario que permita dar resposta ás necesidades singulares de cada universidade e no que primen criterios de eficiencia e racionalización do gasto e da superficie que se destina ás funcións da educación superior.
- c) Dotar con financiamento específico os servizos diferenciados que presta cada universidade e que teñen impacto na realidade social, como o servizo de residencias, que pode financiarse con achegas directas no caso de dispoñer de prazas ou cunha política de bolsas de alugueiro para as universidades que non dispoñen del.
- d) Establecer un financiamento basal da investigación destinando o 70 % do subfondo Fomento da I+D+I e transferencia e repartíndoo con criterios de resultados a través do panel de indicadores, eliminando aqueles que non están directamente relacionados coa investigación. Isto permitiría tamén paliar en parte as distorsións que produce nas contas

o importante volume de financiamento afectado que provén de subvencións finalistas, especialmente as de carácter plurianual.

e) Establecer unha achega específica para a regularización do financiamento de persoal de I+D consolidado que permita o desenvolvemento dun modelo de carreira investigadora propio e singular de Galicia baseado na Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Con respecto ás outras universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o posicionamento da Universidade de Santiago de Compostela consiste en procurar unha postura unificada e prudente que permita o éxito das negociacións.

Porén, non debemos esquecer as singularidades de cada universidade. O capítulo I de gastos de persoal supón arredor dun 58 % do peso sobre o total dos orzamentos, por debaixo das outras universidades do SUG, nas que se sitúa no 62 % e da media do Sistema Universitario Español (SUE), no que ascende ao 65 %, de acordo cos datos publicados polo Sistema Integrado de Información Universitario (SIIU) do Ministerio de Universidades.

Sendo así, é especialmente relevante a insuficiencia dos fondos estruturais transferidos pola Comunidade Autónoma para a cobertura dese capítulo na USC. Así, mentres a media no SUG se sitúa no 99,9 %, na Universidade de Santiago de Compostela cobre arredor dun 93 % dese capítulo. Isto supón que o resto de ingresos incondicionados cobren uns 10 millóns de euros dese capítulo así como o resto de gasto corrente da institución.

Ao anterior súmase que, ante a necesidade de facer axustes derivados dun menor financiamento, as universidades teñen unha estrutura de gasto moi ríxida derivada do marco normativo, das instalacións que se precisan para desenvolver a docencia e a investigación, que unha vez construídas se deben manter, e dos vínculos laborais do persoal que ten carácter estable e que no ámbito docente non permite un axuste baseado na non reposición de efectivos sen máis.

Entre as poucas vías para realizar axustes atópase a contención ou redución no capítulo II. Gastos correntes. Na última década este capítulo ten unha evolución descendente nos orzamentos da USC, representando arredor dun 11 % sobre o total de gasto da institución, o que o sitúa por debaixo da media do SUG. Cómpre destacar que este capítulo inclúe os gastos de funcionamento e mantemento das infraestruturas, que compoñen a maioría das súas partidas e que son notables se temos en conta que a USC dispón dun elevado volume de superficie construída. Isto implica tamén a dificultade para reducir ese tipo de gastos básicos e a necesidade de implantar medidas de eficiencia e aforro enerxético.

Por outra banda, a Universidade ten outra singularidade máis con respecto ao SUG e que a sitúa tamén por riba da media do SUE. Trátase do volume de persoal investigador e de apoio á investigación vencellado a programas e proxectos de I+D e que no orzamento figura no capítulo VI. Investimentos reais. Este persoal supón entre un 15 e un 20 % do custo total de persoal e, en relación coas contías consignadas no capítulo VI, arredor do 45 %. Este persoal depende de convocatorias de organismos financiadores, que son moi variables, polo que a dignificación da súa situación precisa dun esforzo orzamentario na USC que non acontece nas outras universidades.

Neste capítulo atópanse tamén os recursos para investimentos en infraestruturas que son certamente reducidos se temos en conta a transferencia da Comunidade Autónoma. Con esa situación, non é posible xerar recursos para acometer o mantemento necesario e moito menos cando se trata de proxectos de certa entidade, polo que cómpre retomar a senda do investimento empregando os recursos de forma estratéxica.

Así mesmo, é necesario destacar que a USC ten un gasto en actividades de extensión universitaria de arredor de 4 millóns de euros que non están contemplados no Plan Galego de Financiamento Universitario e que, polo tanto, debe financiar con recursos propios.

Cómpre lembrar que no escenario xeral hai que ter moi en conta o impacto que pode ter a próxima apertura dunha universidade privada en Galicia. A Universidade de Santiago de Compostela debe crer nas súas posibilidades e apostar pola mellora dos servizos que presta, renovándose e adaptándose ao contexto social.

Por último, as Liñas xerais do orzamento 2021 aprobadas no Claustro celebrado o 18 de marzo, fixaron o límite máximo de gasto non financeiro ao que se refire a Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, en 198.270.445 €.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E INSTRUMENTAIS PARA O 2021

Neste apartado preséntanse as principais liñas estratéxicas e instrumentais para o 2021:

Liñas estratéxicas

1. As persoas
2. A investigación
3. Os medios necesarios

Liñas instrumentais

4. Renovación da imaxe e reforzo da comunicación na USC
5. Colaboración institucional

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas

A atención á comunidade universitaria ten que continuar sendo o obxectivo principal do goberno e da institución. En primeiro lugar, a institución debe atender as necesidades do alumnado que por efecto da pandemia se atopa en situación de vulnerabilidade económica. Así, á liña iniciada en 2020 cos programas para o préstamo de material informático e a convocatoria de axudas para o seguimento da docencia, súmase un programa de bonos para a manutención do alumnado nas cafetarías e comedores universitarios configurando un Plan de choque fronte á COVID.

A atención ao alumnado tamén debe contemplar a necesidade de proporcionarlle un contorno saudable, seguro e comfortable, onde poder vivir e desenvolver a súa actividade universitaria, fomentando a interacción social e garantindo a igualdade entre as persoas e a prevención da exclusión. Para isto, impulsaranse unha serie de accións dirixidas a:

- Mellorar a oferta de aloxamentos de calidade, cómodos e funcionais, a través do Plan de mellora da calidade de vida nos campus que se describirá máis adiante.
- Dotar dunha rede de comedores e cafetarías que proporcionen unha dieta saudable e un lugar onde relacionarse, acción que se incluírá na estratexia Espazo USC que se describe na liña “Os medios materiais”.
- Establecer unha oferta de actividades culturais e deportivas que favorezan o desenvolvemento integral das persoas.
- Potenciar a rede de servizos de apoio e asistencia á diversidade funcional ou a aquelas persoas con dificultades psicolóxicas ou de adaptación á nova contorna estudando a creación dunha unidade de atención psicolóxica.

Con respecto ás persoas tamén constitúe un obxectivo primordial aproximar os servizos aos membros da comunidade universitaria, principalmente os dirixidos ao alumnado e á recuperación dos centros docentes como eixe da vida universitaria.

O programa piloto iniciado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais estenderase durante este ano ás facultades de Medicina e Odontoloxía, Matemáticas, Filoloxía, Xeografía e Historia e á Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, integrando os servizos administrativos e de información, a través dos novos Puntos de Atención, Información e Servizos nun espazo aberto aos membros da comunidade universitaria e, especialmente, aos que desenvolven a súa actividade diariamente neses centros.

No referente ao persoal, os Plans plurianuais de PAS e PDI manteranse nos seus termos, impulsando a recuperación da marcha dos procesos selectivos que se viron atrasados polos efectos da pandemia.

No ámbito do persoal de Administración e Servizos, ademais do impulso dos procesos selectivos que permitan a renovación xeracional, continuará a reforma e reorganización das estruturas co obxecto de acompañar os cambios na xestión cunha estrutura de persoal que responda ás novas necesidades. Abordarase a reforma da área económica no seu conxunto, en paralelo coa posta en marcha de novas ferramentas informáticas e a revisión normativa para impulsar un cambio integral no funcionamento económico da institución.

Durante este ano 2021 convocarase as probas selectivas, previstas nas ofertas de emprego de anos anteriores, que permitirán estabilizar ao persoal interino, reducir a precariedade e rexuenerar o cadro de persoal, así como a promoción interna acordada nos ámbitos de PAS funcionario e laboral. Ademais e tendo en conta que o Plan plurianual para o PAS se presentou con máis dun ano de retraso, e ata 2020 non foi posible abordar as actuacións propostas, neste ano 2021 farase un esforzo especial por recuperar o tempo perdido. Así, proseguirase coa reforma e revisión xeral da RPT das distintas áreas, necesaria para a mellora permanente dos servizos, e comprometida coa representación do persoal. En canto á Oferta de Emprego Público de 2021, continuarase as políticas de estabilización e sumarase novas prazas de promoción interna independente, posibilitando os dereitos de promoción. Tamén en 2021, de acordo co previsto no Plan de PAS, se negociará coa representación de persoal a posta en marcha da carreira profesional horizontal do PAS, único colectivo de persoal público do noso entorno no que aínda non se implantou.

Por outra banda, abordarase a reforma do cadro de persoal técnico de apoio á investigación e á docencia con destino en centros e departamentos co obxectivo de ter unha estrutura flexible que se adapte ás necesidades existentes.

Cómpre abordar, así mesmo, unha reorganización da estrutura actual do Servizo de Xestión Académica tomando como base os procesos máis significativos deste ámbito co obxecto de lograr unha xestión máis áxil e eficaz, na liña de mellora da prestación de servizos ao alumnado.

Sen prexuízo doutras reformas puntuais, por último abordárase unha reorganización da estrutura administrativa no Campus de Lugo encamiñada a mellorar a xestión e a comunicación entre servizos centrais e periféricos, sen esquecer as peculiaridades dese Campus.

Unha actuación novidosa neste eido será a posta en marcha dunha Sección de Avaliación e Reforma Administrativa integrada no Servizo de Planificación e Programación de PAS. Unha vez normalizada a situación laboral coa recuperación do ritmo nos procesos de selección e mobilidade do persoal que estiveron paralizados nos últimos anos, a experiencia do traballo non presencial derivada da situación de pandemia, o inicio da negociación dun acordo sobre o teletraballo e a necesidade de avanzar na innovación e na dixitalización da prestación dos servizos son os puntos de partida para implantar unha estratexia de transformación organizativa e detección de disfuncións baseada nas seguintes actuacións:

- Simplificación burocrática e automatización de trámites e procesos coa necesaria dixitalización das bases de datos.
- Implantación de mecanismos de xestión do coñecemento da organización para evitar a súa perda nas xubilacións e nos procesos de mobilidade do persoal.
- Adecuación de novos perfís necesarios adaptando e formando ao persoal existente e reflectindo esas necesidades nas novas seleccións de persoal.
- Detección de sobrecargas de traballo, distribución ineficiente das funcións, así como necesidades de formación.
- Introducir o desempeño por obxectivos e a avaliación do rendemento, aspectos clave para a prestación de servizos na modalidade de teletraballo, sen condicionar o comezo desta modalidade laboral á posta en marcha definitiva destes procedementos, e para o desenvolvemento da carreira profesional.

No tocante ao teletraballo, porase especial atención nas posibles consecuencias en materia de xénero que poida ter a súa implantación, para o que a Oficina de Igualdade realizará unha avaliación do seu impacto.

Canto ás actuacións en materia de persoal docente e investigador, ao longo do ano 2021 executarase a terceira anualidade do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022, con tres eixes vertebradores:

-Incorporación de novos efectivos co fin de garantir ás areas de coñecemento unha dotación de persoal suficiente para atender as súas obrigas docentes, investigadoras e de xestión e que permita, ao tempo, compensar o elevado número de xubilacións e conter o crecemento sostido da idade media do profesorado.

-Estabilización en prazas estruturais do persoal docente e investigador con contratos temporais, en particular profesorado axudante doutor e investigadores do programa Ramón y Cajal.

-Promoción do profesorado acreditado para corpos docentes.

2. A investigación

A aprobación do *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* e o seu desenvolvemento necesitan dun apoio firme por parte do goberno que impulse unha nova política no ámbito da investigación.

No 2021 levaranse a cabo catro accións:

1. Programa piloto de xestión de ingresos indirectos: inicialmente estará dirixido a centros singulares para avanzar, a continuación, con institutos e outras estruturas de investigación. Para a súa execución empregárase a Contabilidade analítica que calcula os custos indirectos nos termos fixados polo “Modelo de Contabilidade Analítica para universidades, particularización do Modelo CANOA”, un modelo oficial e de obrigada utilización para o conxunto de universidades públicas. Este sistema calcula os custos indirectos xerados en cada actividade e informa sobre a súa procedencia e natureza, permitindo coñecer os custos indirectos vinculados a cada centro. Será este o sistema que proverá os informes precisos para a posta en marcha deste programa.

Emprégase o concepto de Custo Indirecto (CI) para referirnos aos custos en recursos, humanos e materiais, que son precisos para a realización dunha actividade de investigación, pero que non se poden atribuír exclusivamente a esta. Son custos indirectos o consumo de subministracións enerxéticas, os servizos de limpeza e telefonía, a amortización dos equipos empregados e mesmo a das instalacións. Así mesmo, tamén se inclúe entre os custos indirectos o custo do persoal administrativo, directivo, e aquel que participa na actividade de xeito parcial. Non debe confundirse, polo tanto, CI coa porcentaxe de retención que a USC aplica sobre os ingresos xerados por certas actividades.

Para os efectos deste programa terase en conta a capacidade dos centros para cubrir os CI procedentes de subministracións, limpeza, seguridade, centros auxiliares e unidades de xestión de investigación e excluíranse os custos indirectos relativos á amortización de edificios ou equipos.

En grandes liñas, o programa pretende:

- Informar as estruturas de investigación sobre a procedencia, natureza e contía dos custos indirectos vencellados á súa actividade, distinguindo conceptualmente estes custos indirectos da retención en concepto de CI que se aplica aos ingresos xerados pola súa actividade
- Reintegrar parte do crédito retido en concepto de CI (20 %) aos centros para que invistan en actividades de captación de recursos de investigación
- Fomentar a redución dos custos indirectos xerados nos centros con base no coñecemento periódico e detallado destes e a vinculación dos créditos descritos no punto anterior a unha redución progresiva destes custos.

Inicialmente, este programa piloto está dirixido a aqueles centros con maior capacidade de xeración de recursos. Os centros que cumpran os requisitos fixados pola convocatoria recibirán unha transferencia por un importe equivalente ao 20 % do importe retido en concepto de CI no centro. A convocatoria valorará as seguintes condicións:

- Estruturas de investigación que contén cunha porcentaxe de cobertura igual ou superior ao 60 % dos seus CI considerados para estes efectos: subministracións, limpeza, seguridade, centros auxiliares e unidades de xestión de investigación.
- Estruturas de investigación cuxa retención en concepto de CI sexa igual ou superior a 90.000 euros no exercicio económico.
- Estruturas de investigación que acaden unha redución dos CI derivados da súa actividade, en termos comparativos co exercicio anterior.

Con este programa preténdese fortalecer a orientación a resultados das estruturas de investigación, reducindo a porcentaxe de recursos que permanecen improdutos e con custos indirectos moi superiores aos resultados potenciais, procurando evitar a atomización e a dispersión de esforzos.

Este programa servirá, así mesmo, para que tendan ao seu autofinanciamento, coa conseguinte redución na asignación de créditos non afectados nos orzamentos.

2. Programas piloto de contratación de persoal investigador distinguido e de persoal investigador predoutoral: afianzar a carreira investigadora será o obxecto destes programas coa contratación, por unha banda, de persoal investigador distinguido coa nova categoría estruturada en tres modalidades establecida no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* e, por outra, coa posta en marcha dun programa dirixido á captación de persoal investigador predoutoral.

O programa para o persoal investigador distinguido contemplará dúas vías para a contratación:

1. Unha dirixida aos Centros Singulares de Investigación, cuxo financiamento se obterá con recursos propios e, nunha parte, coa reversión dos custos indirectos mencionados no apartado anterior.
2. Outra dirixida aos Grupos de Referencia Competitiva e financiada a través do convenio co Banco Santander.

A incorporación de persoal altamente cualificado permitirá afianzar as liñas estratéxicas de investigación definidas polo Consello de Goberno.

O programa para o persoal investigador predoutoral financiarase a través do convenio co Banco Santander.

3. Aplicación da equiparación de categorías e retributiva prevista no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela*.

Unha vez que entrou en vigor e se constituíu a Comisión Paritaria configurada no acordo, neste exercicio realizaranse os trámites necesarios para determinar a clasificación profesional nas categorías previstas no acordo e a aplicación das condicións retributivas.

4. Programa de creación e reforzo de estruturas de investigación competitivas. Este programa está dirixido á unificación de grupos de investigación en estruturas máis amplas que permitan sumar recursos e unir esforzos na procura de sinerxías e maior competitividade na captación de recursos. En particular no 2021 actuarase no ámbito do Campus da Cidadanía e na reestruturación das antigas agrupacións estratéxicas.

Daranse tamén os primeiros pasos para tratar de conseguir a implicación de todo o PDI na actividade investigadora.

3. Os medios necesarios

O mantemento adecuado e a renovación das infraestruturas seguen sendo unha das eivas principais da institución sendo un dos obxectivos principais destes orzamentos continuar traballando neste eido. Xunto con este obxectivo está a procura dunha maior eficiencia no gasto, especialmente nas subministracións e no gasto corrente da Universidade.

Pero a formulación desas necesidades debe facerse de forma rigorosa e con opcións que sexan viables no futuro a medio prazo. Por iso, a USC debe cambiar o modelo de financiamento vencellado ao mantemento e renovación de infraestruturas xestionando intelixentemente a débeda e procurando os recursos necesarios en colaboración coas administracións con competencias en educación superior para poder abordar de xeito racional e eficiente a dispoñibilidade dos medios necesarios para levar a cabo a súa actividade.

As actuacións que se formulan para este exercicio están encadradas dentro da Programación Plurianual 2019-2022, no eixe 6 “Xestionar os recursos de forma intelixente” que se instrumentou coa aprobación do Plan de Infraestruturas aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social nas sesións de 20 e 27 de decembro de 2019 respectivamente.

As principais actuacións durante este exercicio serán as seguintes:

a) **Proxecto de Cidade da Saúde:** o Plan de Infraestruturas incorporado á Programación Plurianual 2019-2022 contemplada orixinalmente nas actuacións 4.1, 4.3 e 4.4 diferentes accións para construír un centro para a Facultade de Farmacia, a rehabilitación do edificio de Medicina situado en San Francisco e o traslado da Facultade de Enfermaría. Estas tres accións forman parte do novo proxecto da Cidade da Saúde, presentado en 2020, e do que se darán os primeiros pasos para o seu desenvolvemento neste exercicio coa elaboración

do proxecto básico de execución do novo edificio. O éxito deste proxecto, a medio prazo, require dun esforzo para obter os recursos necesarios das administracións con competencias en educación e sanidade que o fagan viable.

Dentro do proxecto contémplanse actuacións no edificio da Facultade de Medicina e Odontoloxía situado en San Francisco: a renovación do salón de actos, xa iniciada, e que permitirá recuperar ese espazo para a actividade docente e para outros usos, tendo en conta a súa situación dentro do casco histórico; e actuacións en materia de eficiencia enerxética coa renovación da envolvente.

b) **Espazo USC:** este programa consiste en catro actuacións que se describen a continuación:

- A integración dos espazos das unidades de xestión de centro e departamentos, prevista na actuación 4.12 do Plan de Infraestruturas, coa filosofía de espazo aberto a disposición da comunidade universitaria e que poña en valor a xestión que se realiza nos centros. Completarase a renovación prevista na Facultade de Medicina e Odontoloxía e poñeranse en marcha as de Xeografía e Historia, Matemáticas, Filoloxía e a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, integrando os cambios organizativos necesarios.

- A rede de cafetarías e comedores universitarios ten un potencial enorme desde o punto de vista da revalorización da institución. Preténdese con esta actuación a renovación deses espazos a través da concesión administrativa, poñéndoos en valor e creando unha rede que fomente unha imaxe institucional renovada e que sirva para o seu aproveitamento como espazo cultural.

- a reforma do Pavillón Estudantil, xa iniciada coa actuación 4.13 do Plan de Infraestruturas, por ser onde se concentran a maioría dos servizos ao alumnado e que se realizará coas mesmas premisas que a reforma das unidades de xestión, é dicir, crear un espazo aberto que achegue a xestión e información ás persoas usuarias.

- a mellora da imaxe dalgunhas dotacións dos campus, como as que se sitúan no entorno físico da Facultade de Farmacia, e por extensión, das que están ao redor, e do anfiteatro do Campus de Lugo, a través dun programa de arte urbana desenvolvido en colaboración coa comunidade universitaria e a contorna, con especial atención á implicación da mocidade. Estas accións corresponden ás actuacións 4.15 e 4.16 do Plan de Infraestruturas.

c) **Plan de mellora da calidade de vida nos campus:** abordaranse melloras nos tres campus destinadas á súa humanización, fomentando a posta en valor dos espazos máis singulares e o seu uso polos membros da comunidade universitaria, tal e como se prevía na liña 5.1.5 L5: mellora urbana e organización da mobilidade no Campus Sur, Campus Norte e no campus de Lugo do Plan de Infraestruturas:

- Campus Norte: abordarase unha mellora na seguridade con actuacións no entorno do Burgo das Nacións e habilitaranse prazas de aparcadoiro, logo de que o Concello suprimira parte do espazo existente. Así mesmo, procuraranse melloras na mobilidade en colaboración coas institucións competentes. Por outra banda, dentro da liña do Espazo USC, adecuarase a cafetería da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para poñer a disposición da comunidade universitaria un espazo singular no que se programen actividades de carácter cultural.

- Campus de Lugo: traslado ao campus da Facultade de Formación do Profesorado en coordinación coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación de Lugo, recuperación do anfiteatro para a programación de actividades culturais ao aire libre e mellora da mobilidade e da iluminación.

- Campus Sur: desenvolvemento do Plan Especial do Campus, tal e como se prevía na actuación 4.15 do Plan de Infraestruturas, e programación de melloras no mobiliario urbano así como actuacións para a humanización dos espazos.

Ademais das actuacións anteriores, realizaranse accións puntuais destinadas a mellorar os espazos destinados ao alumnado, como a renovación da pintura en dúas plantas da Residencia Universitaria Bal e Gay en Lugo, dentro do previsto na actuación 4.8 Renovación das instalacións e acondicionamento das residencias universitarias do Plan de Infraestruturas, ou a ampliación da rede sen fíos entre outras.

d) **Medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional:** as inevitables consecuencias que a crise sanitaria global, derivada da COVID-19, terá sobre a atracción de estudantado estranxeiro cara a USC fan necesaria a posta en marcha dun conxunto de actuacións orientadas a fortalecer a imaxe e a visibilidade da nosa institución no ámbito internacional e contribuír á captación de estudantado foráneo para os vindeiros cursos académicos.

No contexto do eixe 5 da Programación Plurianual, Proxectar a USC polo mundo, estas medidas supoñen dar un salto cualitativo nos procedementos e estratexias destinados a

dar a coñecer a USC no exterior mediante a incorporación de ferramentas novidosas de apoio á captación e á proxección internacional. Así, ás actividades realizadas nos últimos meses polo recentemente creado Servizo de Captación Internacional, sumarase agora a adquisición de licenzas de software específico e o uso de plataformas para a xestión do posicionamento dos programas formativos de grao, máster e doutoramento da USC nas diferentes webs de busca de estudos de educación superior a nivel mundial. Os datos proporcionados por estas ferramentas proporcionarán métricas útiles para a toma informada de decisións institucionais, que permitirá desenvolver políticas activas de captación e poñer en marcha campañas de márketing personalizadas dirixidas a determinados países ou rexións mediante solucións de segmentación xeográfica (*Geographic Targeting*).

Estas ferramentas, que posúen un enorme potencial, complementarase con outras actuacións, como a organización de encontros virtuais e webinars, así como coa elaboración de novo material audiovisual promocional da USC en distintas linguas, que poida ser empregado tanto en feiras e eventos de captación internacional como en viaxes e estadias internacionais realizadas polo PDI e o PAS.

e) **Plan director de dixitalización:** para proceder á dixitalización documental e á consecuente simplificación administrativa precísase dunha avaliación previa que analice as necesidades e configure unha folla de ruta para a súa execución.

f) **Plan director de enerxía e sustentabilidade:** elaborárase un diagnóstico das infraestruturas de produción e distribución de enerxía e un plan que fixe os criterios para a súa renovación, atendendo aos principios de aforro, eficiencia e sustentabilidade. Este plan director fixará a estratexia enerxética da USC para os próximos anos e servirá de guía para a procura de financiamento e a elaboración de memorias e proxectos no marco das actuacións que previsiblemente financiarán os fondos europeos nos próximos anos. Estas actuacións estaban previstas na Programación Plurianual 2019-2022, no eixe 6, e tamén nas actuacións 4.10 e 4.11 do Plan de Infraestruturas.

g) **Cambio na xestión da prestación do servizo de limpeza:** os pasos iniciados en 2019 para o cambio no modelo de xestión deste servizo concluíranse neste exercicio, logo do seu atraso pola situación sanitaria.

h) **Descentralización de recursos ao centros:** continuarase co proceso iniciado en 2019, distribuíndo os recursos para obras de reparación e mellora aos centros logo de constatar o aumento da eficiencia no gasto relacionado con este tipo de obras xa que a

descentralización permitiu a corresponsabilización dos equipos decanais e de dirección na reparación e mellora das infraestruturas. En todo caso, arbitraranse fórmulas que dean prioridade á execución daquelas actuacións propostas nas avaliacións de riscos dos centros para eliminar ou corrixir situacións de risco que impliquen incumprimentos legais, tanto os relativos á normativa específica de prevención de riscos laborais como ás normas e regulamentos técnicos.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Renovación da imaxe e reforzo da comunicación na USC

Todo o conxunto de actuacións do apartado anterior, así como as reflexións extraídas da xestión da pandemia durante estes meses, lévannos a impulsar a renovación da imaxe institucional coas seguintes premisas: transformar a USC nunha universidade máis competitiva no escenario actual, máis moderna e conectada coa comunidade universitaria e coa sociedade, poñendo a institución ao servizo do alumnado e facendo partícipes ás persoas. Nun ano no que se lanzará a renovación final da totalidade das páxinas do sitio web institucional, será momento tamén para continuar a avanzar en termos de comunicación interna coa posta en funcionamento da intranet, ferramenta que permitirá incorporar unha nova dimensión aos procesos de xestión ao tempo que facilitará a posta en marcha de accións específicas de comunicación interna.

Coa transparencia como obxectivo, será momento de lanzar tamén un espazo de comunicación que funcione coma un diario de goberno que aumente o coñecemento e implicación do totalidade da comunidade universitaria nas decisións tanto do equipo de goberno da universidade coma dos diferentes órganos.

A estas actuacións debemos sumar outras que teñen que ver coa reformulación da imaxe institucional dende unha perspectiva estética. Así, traballarase en propostas para a construción de repositorios de materiais asociados á difusión da imaxe da Universidade accesibles para todos os membros da comunidade, en novas liñas visuais e de uso para a sinalética dos espazos.

Para dar visibilidade e coherencia a esta liña de actuación cómpre reordenar fondos dispersos en diferentes partidas orzamentarias que permita unha xestión centralizada e profesional. Esta medida suporá un aforro do 15 % con respecto ao exercicio anterior.

5. Colaboración institucional

A colaboración institucional mantense como liña transversal necesaria para o establecemento de sinerxías entre administracións e o aproveitamento de recursos. En relación coa captación de fondos *Next Generation*, como se mencionou, a Universidade promoverá e canalizará as manifestacións de interese a través dunha Oficina de Coordinación de Accións para os Plans de Recuperación Económica, liderada desde o Gabinete do Reitor, que prestará o apoio e soporte necesarios para a súa presentación e xestión.

Así, neste exercicio terá lugar a sinatura de novos convenios: por unha banda, coa Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago, asinarase un convenio para a renovación das pistas de atletismo, tendo en conta que o seu uso está aberto a federacións deportivas e á cidadanía. Este convenio reflicte os principios da colaboración institucional contemplados no deseño das accións da Programación Plurianual xa que, por primeira vez, abordarase a reforma dunha instalación sen realizar achegas por parte da USC, cuxa colaboración se instrumenta a través do gasto de mantemento futuro da instalación, mentres que as outras administracións participantes contribúen cunha achega de 0,5 millóns.

O novo Convenio coa Deputación de Lugo terá un carácter máis xeral, que incluírá actuacións en materia de mellora da calidade docente, infraestruturas (para a licitación do proxecto básico de execución da ampliación do Complexo Docente, que permitirá o traslado da Facultade de Formación do Profesorado) e tamén actuacións en desenvolvemento rural.

Desde a Universidade de Santiago de Compostela, continuarase pulando por unha maior colaboración cos concellos nos que a institución ten máis presenza.

Continuando no eido local, no exercicio 2021 desenvolverase o convenio asinado co Concello de Ames no que se prevén actuacións para mellorar a mobilidade das persoas residentes nese concello e que estudan no Campus de Santiago, promover o uso compartido e eficiente das instalacións deportivas e promover a transferencia e o emprendemento en conexión coas iniciativas da dinamización do tecido produtivo que o Concello está a emprender no polígono empresarial do Milladoiro.

Por último, en colaboración coa administración autonómica a través da liña de eficiencia enerxética establecida nos seus orzamentos, a Universidade programará actuacións conducentes ao aforro enerxético, integradas no Plan director de enerxía e sustentabilidade e tamén se procurará a captación de recursos destinados á rehabilitación de edificios

públicos. En particular, elaboraranse as memorias e proxectos das actuacións, que se proporán ás institucións autonómicas que administran os fondos destinados ao financiamento destas medida para o trienio 2021-2023. As actuacións abranguen desde redes de distribución de calor nos campus ata iniciativas de mellora de envoltentes docentes.

Vinculación cos eixes estratéxicos da programación plurianual 2019-2022

As liñas presentadas para o 2021 e que se traducirán nuns orzamentos elaborados con rigor e responsabilidade están vinculadas a unha base estratéxica de carácter plurianual recollida na Programación para o período 2019-2022, actualizada no Claustro e no Consello de Goberno.

Esta visión a medio prazo serve para avaliar o grao de consecución das diferentes políticas e orientar os esforzos a aquelas actuacións que aseguren mellora das funcións propias da universidade, dos recursos dos que dispón e da sustentabilidade económico-financeira da Universidade.

A continuación amósase a relación das liñas descritas no apartado V cos eixes da Programación Plurianual 2019-2022:

Eixes da Programación Plurianual	Liñas estratéxicas	Liñas instrumentais
1. Centrar a atención no estudiantado 2. Comprometerse co persoal	1. As persoas	
3. Poñerse ao servizo da sociedade 4. Situar o coñecemento da USC na vangarda	2. A investigación	4. Renovación da imaxe e reforzo da comunicación da USC
5. Proxectar a USC polo mundo 6. Xestionar os recursos de forma intelixente 7. Aprender da experiencia da COVID-19 para conseguir unha universidade máis segura e flexible	3. Os medios necesarios	5. Colaboración institucional

Análise xeral dos orzamentos

Para unha mellor comprensión dos orzamentos cómpre destacar varias cuestións. En primeiro lugar, as disposicións contidas no novo Regulamento de xestión orzamentaria levaron a unha revisión do concepto de gasto e ingreso afectado que ten incidencia especialmente no capítulo I de gastos, onde se consideraban afectados arredor de 15 millóns de euros correspondentes a complementos e méritos de excelencia na medida en que o financiamento é alleo. A normativa contable define o gasto con financiamento afectado como aquel gasto orzamentario que se financia, en todo ou en parte, con recursos orzamentarios concretos que, no caso de non realizarse o gasto, non poderían percibirse ou se se tivesen percibido deberían reintegrarse aos axentes que os achegaron. Coa introdución da normativa de estabilidade orzamentaria definir correctamente o gasto afectado cobra moita importancia porque limita o teito de gasto aplicable pola institución.

Por outra banda, en 2020 mellorouse a previsión de ingresos e gastos para algunhas actuacións que, aínda que non teñen unha concreción xa determinada no momento de aprobar o orzamento, si teñen unha certa trazabilidade en exercicios anteriores que fan recomendable a súa previsión. Na medida en que se pode estimar a natureza das accións, estas actividades prevense con carácter máis xenérico (como “fondos para”, que se concretan en partidas cando se obtén o financiamento), ou máis específico (cando se coñece no momento inicial o destino finalista dos ingresos).

Esta técnica permite minimizar a xeración de créditos que se deben realizar ao longo do exercicio por falta de previsión, e obter unha maior similitude entre o orzamento aprobado e a súa liquidación, reforzando deste xeito a transparencia e o rigor na xestión económica.

As novidades deste tipo máis importantes son as seguintes:

1. A xestión dos fondos de axudas Erasmus, a pesar de ser unha actividade recorrente e cuantitativamente relevante na USC, non se reflectía nas previsións iniciais de ingresos e gastos. En 2021, de acordo coa Oficina de Mobilidade, prevese para esta actividade un total de 1,8 millóns, que é a media dos dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios.
2. Créase unha partida de gastos para a dotación de partidas específicas que se prevén pola sinatura de convenios con institucións públicas. Algúns dos convenios desta natureza son xa coñecidos, ben por seren subscritos antes da aprobación dos orzamentos, ben por se tratar de convenios de anos anteriores de carácter plurianual. A cantidade estimada é de 400 mil euros para gastos correntes.

3. Fondo para a prestación de servizos diversos. Trátase de pequenas prestacións de servizos das cales se derivan incrementos de crédito dispoñible para os centros que as prestan, e que ata o de agora se instrumentaban mediante xeración de crédito. Os exemplos máis salientables son as prestacións externas que se realizan nas prácticas de grao de Odontoloxía ou Óptica e Optometría. A dotación inicial deste fondo é de 75 mil euros.

Cómpre facer unha breve análise sobre a evolución dos orzamentos no período 2018-2021 e en comparación co ano 2020.

En relación cos ingresos pódese destacar o seguinte:

- Capítulo III: hai unha diminución constante no período analizado derivada da baixada de alumnado e dos prezos públicos máis baixos establecidos para as titulacións habilitantes pola Xunta de Galicia. Neste último caso vense compensados a través do Capítulo IV. Transferencias correntes. En comparación co 2020, no 2021 prevense menores ingresos debido ao efecto da pandemia sobre o número total de matrículas, que supón unha baixada do 2,75 %.

- Capítulo IV: neste capítulo consígnase fundamentalmente a transferencia corrente da Comunidade Autónoma, que evolucionou en gran medida polo efecto dos incrementos retributivos no Sector público.

- Capítulo V: aínda que no total do período este capítulo de ingresos aumenta polas políticas de revisión de concesións administrativas e a mellora na xestión dos ingresos patrimoniais en xeral, con respecto a 2020 prevese unha caída pola situación económica existente.

- Capítulo VII: as transferencias de capital aumentan no período 2018-2021, por unha banda, polo incremento na captación de fondos do Plan Galego de Financiamento Universitario no apartado de Resultados, e polos fondos de innovación e dixitalización previstos nos orzamentos da Xunta e os fondos de recuperación previstos no Estado e na Unión Europea.

- Capítulo IX: este capítulo contempla unha estimación que se deriva dos datos subministrados pola Axencia Estatal de Investigación, quen nos informou da previsión dunha convocatoria para infraestruturas de I+D, cun financiamento total inferior ao de 2019, último ano no que houbo convocatoria. A estimación que fai a USC baséase en dous factores: a) a captación de financiamento nas últimas convocatorias análogas, b)

financiamento con fondos estruturais da Axencia nas dúas últimas convocatorias; en xeral, estes fondos estruturais son anticipados pola Axencia, e de aí que se contabilicen como anticipos reembolsables, é dicir, débeda, que posteriormente se transforma en subvención.

INGRESOS		
Capítulo	2018-2021	2020-2021
III. Prezos públicos e outros ingresos	-0,53 %	-2,75 %
IV. Transferencias correntes	7,56 %	1,61 %
V. Ingresos patrimoniais	43,47 %	-7,75 %
Ingresos correntes	5,98 %	0,71 %
VI. Alleamento de investimentos reais	100,00 %	0,00 %
VII. Transferencias de Capital	35,68 %	14,77 %
Ingresos capital	40,71 %	14,17 %
Ingresos non financeiros	14,66 %	4,48 %
VIII. Variación activos financeiros	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	-53,73 %	-50,63 %
Ingresos financeiros	-53,73 %	-50,63 %
Totais	12,92 %	3,29 %

En relación cos gastos, os datos máis salientables de cada capítulo son os seguintes:

- Capítulo I: no conxunto do período este capítulo experimentou un incremento debido fundamentalmente á senda de crecemento dos salarios no Sector público procedente dos acordos entre os sindicatos e o Goberno de España. Excluídos estes incrementos a realidade é que o gasto se contivo fundamentalmente por dúas vías: a aplicación do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022 que produce un aforro derivado da diferenza entre a incorporación de persoal na categoría de Profesorado Axudante Doutor e as xubilacións que se producen no corpo docente e, por outra banda, pola contención da contratación temporal no ámbito do Persoal de Administración e Servizos. Estas dúas estratexias permitiron conter o gasto e aplicar políticas de persoal encamiñadas á estabilización, consolidación e á promoción profesional. Esta contención volve producirse no exercicio 2021 que se incrementa un 0,28 % con respecto a 2020 a pesar de que o incremento retributivo se fixou nun 0,9 % para este exercicio.

- Capítulo II: neste capítulo atópase todo o gasto corrente como subministracións, limpeza e seguridade entre outros. O esforzo de contención nun eido no que se está suxeito á variabilidade dos prezos de mercado (electricidade, gas, gasóleo) foi elevado. Con respecto ao 2020 o orzamento diminúe polo efecto da internalización do servizo de limpeza e os aforros que permitirá xerar o Plan Director de Enerxía e Sustentabilidade.

- Capítulo III: os gastos financeiros incrementáronse no período debido a que as maiores cotas de devolución da débeda, despois de dous exercicios de carencia, se atopaban nos exercicios 2019 e 2020. A diminución con respecto a este último ano vén dada precisamente polo refinanciamento e o aplanamento da débeda que se levou a cabo en 2019.

- Capítulo IV: a evolución deste capítulo non corresponde a un aumento de gasto neto nas transferencias en termos absolutos senón á aplicación dunha técnica orzamentaria máis depurada que prevé ao inicio dos orzamentos as transferencias procedentes de bolsas Erasmus e que non se viñan consignando nos orzamentos iniciais, axustando durante o ano mediante xeracións de crédito as contías que se ían recibindo.

- Capítulo V: o fondo de continxencia pasa de 50.000 euros en 2018 a 750.000 euros en 2021. Cómpre destacar que a previsión orzamentaria de 2020 neste capítulo foi crucial para a xestión da COVID-19.

- Capítulo VI: o aumento dos investimentos reais no conxunto do período 2018-2021 ten especial relevancia tendo en conta a política de descentralización de crédito aos centros para os investimentos en reparación e mellora a través de obra menor, cunha dotación inicial de 800.000 euros en 2019 que foi aumentando ata o 2021 no que se destinarán 1.000.000 euros. Isto implica unha evolución significativa na reparación e mellora de infraestruturas que estaba conxelada en anos previos e que, sumada á obra RAM centralizada, experimentou un aumento do 62 % no período analizado. Tamén destaca o incremento do crédito para o funcionamento de departamentos, que se triplicou de 2018 a 2021, pasando de 100.000 euros a 300.000 euros. Tendo en conta o total de crédito descentralizado a centros nos capítulos II e VI e a departamentos no capítulo VI, o incremento experimentado foi de máis do 50 % no período analizado.

Crédito para	2018	2019	2020	2021
Funcionamento dos departamentos	100.000	150.000	250.000	300.000
Gastos correntes centros	1.397.800	1.292.000	1.171.000	1.171.000
Equipamento centros	579.000	650.000	650.000	650.000
Obras RAM en centros	0	800.000	1.000.000	1.000.000
Total	2.076.800	2.892.000	3.071.000	3.121.000

Con respecto ao exercicio 2020, o incremento do capítulo VI explícase fundamentalmente pola captación de recursos finalistas procedentes do Fondo de innovación e dixitalización da Xunta de Galicia así como a previsión de fondos procedentes dos instrumentos de recuperación previstos polo Goberno de España e a Unión Europea.

- Capítulo IX: a variación de pasivos responde á diminución das cotas a devolver correspondentes á débeda da institución tanto no conxunto do período como con respecto ao exercicio 2020.

GASTOS		
Capítulo	2018-2021	2020-2021
I. Gastos de persoal	9,09 %	0,28 %
II. Gastos en bens correntes e servizos	3,42 %	-2,37 %
III. Gastos financeiros	37,50 %	-2,65 %
IV. Transferencias correntes	117,37 %	80,52 %
Gastos correntes	9,39 %	0,78 %
V. Fondo de continxencia e imprevistos	1400,00 %	50,00 %
VI. Investimentos reais	25,77 %	11,37 %
VII. Transferencias de capital	-	-
Gastos de capital	27,01 %	11,68 %
Gastos non financeiros	13,66 %	3,51 %
VIII. Variación de activos financeiros	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	-32,55 %	-21,32 %
Gastos financeiros	-32,55 %	-21,32 %
Totais	12,75 %	3,13 %

Nos cadros da páxina seguinte reflíctese a evolución dos orzamentos nos tres últimos exercicios:

Ingresos

Capítulo		2019			2020			2021		
		Ingresos non afectados	Ingresos afectados	Ingresos totais	Ingresos non afectados	Ingresos afectados	Ingresos totais	Ingresos non afectados	Ingresos afectados	Ingresos totais
III	Prezos públicos e outros ingresos	24.713.450	10.376.550	35.090.000	24.800.000	10.965.000	35.765.000	24.959.285	9.537.215	34.496.500
IV	Transferencias correntes	122.340.900	16.802.240	139.143.140	125.578.843	16.973.931	142.552.774	140.667.260	4.163.000	144.830.260
V	Ingresos patrimoniais	487.000	0	487.000	596.200	0	596.200	475.000	0	475.000
VI	Alleamento de investimentos reais	1.079.340	0	1.079.340	2.850.000	0	2.850.000	2.850.000	0	2.850.000
VII	Transferencias de capital	23.575.070	39.451.130	63.026.200	24.988.145	41.982.370	66.970.515	26.586.905	50.493.635	77.080.540
IX	Pasivos financeiros	575.000	5.272.000	5.847.000	995.400	4.534.600	5.530.000	0	2.730.000	2.730.000
Total orzamento de ingresos		172.770.760	71.901.920	244.672.680	179.808.588	74.455.901	254.264.489	195.538.450	66.923.850	262.462.300

Gastos

Capítulo		2019			2020			2021		
		Gastos non afectados	Gastos afectados	Gastos totais	Gastos non afectados	Gastos afectados	Gastos totais	Gastos non afectados	Gastos afectados	Gastos totais
I	Gastos de persoal	136.164.750	15.081.950	151.246.700	142.011.280	15.524.170	157.535.450	157.971.000	0	157.971.000
II	Gastos correntes	24.751.315	1.990.750	26.742.065	24.235.838	3.052.000	27.287.838	24.100.665	2.730.000	26.830.665
III	Gastos financeiros	490.470	0	490.470	565.000	0	565.000	550.000	0	550.000
IV	Transferencias corentes	1.581.580	152.000	1.733.580	1.937.690	149.806	2.087.496	1.968.290	1.800.000	3.768.290
V	Fondo continxencia e outros imprevisibles.	1.500.000	0	1.500.000	500.000	0	500.000	750.000	0	750.000
VI	Investimentos reais	5.445.000	54.677.220	60.122.220	6.618.780	55.729.925	62.348.705	7.098.495	62.393.850	69.492.345
IX	Pasivos financeiros	2.837.645	0	2.837.645	3.940.000	0	3.940.000	3.100.000	0	3.100.000
Total orzamento de gastos		172.770.760	71.901.920	244.672.680	179.808.588	74.455.901	254.264.489	195.538.450	66.923.850	262.462.300

Principais novidades nos orzamentos de 2021

En relación cos **ingresos**:

- No capítulo III prevese unha baixada dos ingresos procedentes de prezos públicos e un axuste dos ingresos derivados da prestación de servizos que, se ben se recupera con respecto á execución no ano 2020, non acada o volume de anos anteriores pola situación de pandemia [partida 31000].

- No capítulo IV prevese un lixeiro incremento de 2,2 millóns con respecto a 2020 derivado da mellora na técnica orzamentaria para consignar créditos iniciais correspondentes ás bolsas do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) por valor de 1,8 millóns e do incremento do convenio co Sergas relativo ás prazas vinculadas [partida 41001].

Cómpre salientar que a transferencia da Comunidade Autónoma diminúe con respecto ao 2020. A pesar do incremento do subfondo Custo Estándar que evoluciona cos incrementos retributivos, aumentando nun 0,9 % a partida consignada nos orzamentos da Xunta de Galicia, o subfondo de resultados evoluciona conforme ao PIB, polo que ese fondo se reduciu nun 6,2 % [partidas 45101 e 45103] .

- No capítulo VII experimentábase a maior subida en todos os capítulos (14,77 %) debida aos fondos previstos nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para innovación e dixitalización, dos que 4,04 millóns corresponden á USC, e pola previsión de captación de fondos de dixitalización [partida 75009] e de recuperación previstos polo Goberno de España e pola Unión Europea de 2 millóns de euros [partida 71099] . Tamén se consigna neste capítulo un incremento de arredor de 1,8 millóns pola previsible convocatoria de infraestruturas científicas da Axencia Estatal de Investigación [partida 73000].

- No capítulo IX rexístrase unha diminución importante tendo en conta a execución en 2020 que se viu alterada pola pandemia ao distribuír o 20 % dos proxectos de I+D da convocatoria estatal en lugar do 50 % que viñan adiantando. A cantidade que se prevé corresponde á previsión da convocatoria de infraestruturas científicas da AEI [partida 91103].

Novidades máis importantes nos ingresos	Contía
Diminución do Plan Galego de Financiamento	-263.339
Incremento do capítulo IV	2.206.000
Plan de innovación e dixitalización do SUG	4.040.000
Fondos de dixitalización e recuperación estatais e europeos	2.000.000

En relación cos **gastos**:

- O capítulo I incrementábase para incluír a subida do 0,9 % das retribucións do sector público. Non obstante, o incremento con respecto a 2020 supón un 0,28 % posto que se contén o gasto pola aplicación do Plan de PDI e a contención na contratación temporal do PAS. Non obstante, prevense os Plans de PDI e PAS non mesmos termos que no ano 2020 [partida 8075-3000-12251 e 8075-3000-12204, respectivamente].

- No capítulo II rexístrase unha baixada pola contención xeral do gasto corrente do 15 % de órganos de goberno e servizos centrais e polos aforros da internalización prevista do servizo de limpeza [8075-3000-227001] e do Plan director de enerxía e sustentabilidade [8075-3000-21300]. Contémplase, na liña de mellora da técnica orzamentaria, un fondo para compensar aos centros docentes polos gastos ocasionados pola cesión de espazos, que se concreta en función das actividades que se facturan ao exterior por este concepto. A dotación inicial é de 200 mil euros [8075-3501-22000].

A pesar dese descenso aparente, neste capítulo contémplase o gasto destinado ao Plan de choque fronte á COVID dirixido ao alumnado (250.000 €), o gasto necesario para a posta en marcha do Plan de avaliación, reforma e dixitalización administrativa (60.000 €) e o Plan director de dixitalización (30.000 €). Tamén se inclúe aquí o custo previsto para o Plan director de enerxía e sustentabilidade e os traballos necesarios para a captación de recursos en materia de eficiencia enerxética (90.000 €), a partida unificada para a renovación da imaxe e reforzo da comunicación na USC e a partida para Oficina de Coordinación de Accións para os Plans de Recuperación Económica que apoiará a captación de fondos *Next Generation* (15.000 €). Por último, contémplase neste capítulo as medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional, dotadas con 90.000 €. Mantense a dotación para o crédito descentralizado a centros en idéntica contía a 2020 (1,17 millóns €).

- No Capítulo VI contémplase o resto de novidades previstas para o 2021. O fondo máis importante segue sendo o de proxectos de investigación financiados mediante subvención. A súa contía axústase ás previsións de ingresos finalistas de cada exercicio, e nos

orxamentos ofrecerase toda a información de detalle dispoñible na data da súa aprobación. A estimación para 2021 é de 49,3 millóns de euros [8050-7000-64100 e Anexo F].

En materia de investigación, prevese unha partida orxamentaria de 500.000 euros para a aplicación do *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* [8075-2000-64000] que se repercutirá aos grupos nos que está contratado este persoal cando se proceda á renovación ou prórroga dos contratos, sen prexuízo da aplicación da dotación estrutural xa previstas para este fin; unha partida de 130.000 € para o programa piloto de contratación de persoal investigador distinguido e outra de 40.000 euros para desenvolver o Programa piloto para a contratación de persoal investigador predoutoral da USC, ambas procedentes dos recursos finalistas do Banco Santander e que en termos consolidados para a seguinte anualidade ascenden a 356.000 euros (238.000 e 118.000 respectivamente) Por último, contéplase o Programa de creación e reforzo de estruturas de I+D dotado con 60.000 €. [8050-359I-64000]

No relativo a investimentos materiais, as actuacións descritas no apartado de principais novidades, reflíctense no orzamento cunha dotación de 4,01 millóns para o proxecto de Cidade da Saúde [8075-306A-62000] e 1,35 para as accións contempladas no desenvolvemento do Espazo USC. Por último, o Plan de mellora da calidade de vida dos campus está dotado con 0,6 millóns [8075-300A-63000 e 8075-302A-62000].

Así mesmo, dentro da partida de Accións de innovación e dixitalización do SUG [8075 306A 62000], ademais da dotación destinada á elaboración dun Plan director de dixitalización, faise unha previsión de 100.000 euros co obxecto de que neste exercicio se poda ir avanzando na implementación de solucións dixitais para o arquivo electrónico e a xestión, a reserva dos fondos que a Universidade poda captar por medio do Plan de Dixitalización das Administracións Públicas.

Cómpre resaltar, por último, que a suma total dos créditos descentralizados a centros e departamentos ascende a 3,12 millóns [Detalle en Anexos D e E].

Novidades máis importantes nos gastos	Contía
Plan para o PDI	720.000
Plan para o PAS	700.000
Plan de choque fronte á COVID para o alumnado	250.000
Plan de avaliación, reforma e dixitalización administrativa	60.000
Medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional	90.000
Plan director de dixitalización	30.000
Solucións dixitais para o arquivo electrónico e a xestión	100.000
Plan director de enerxía e sustentabilidade	90.000
Renovación da imaxe e reforzo da comunicación na USC	90.000
Oficina de Coordinación de Accións para os Plans de Recuperación Económica	15.000
Programa piloto de persoal investigador distinguido	130.000
Programa piloto de persoal investigador predoutoral	40.000
Equiparación retributiva acordo persoal con cargo a actividades de I+D	500.000
Programa de creación e reforzo de estruturas de investigación	60.000
Proxecto de Cidade da Saúde	4.010.000
Espazo USC	1.350.000
Plan de mellora da calidade de vida dos campus	660.000
Crédito descentralizado a centros e departamentos	3.121.000

II. ORZAMENTOS DA USC PARA 2021

A xestión do orzamento da Universidade para o exercicio 2021 realizarase de acordo co previsto nestas bases de execución e segundo o disposto no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como polas seguintes normas:

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.
- Regulamento de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020.

A última das normas citadas – Regulamento de xestión orzamentaria da USC – regula, ordena e pretende estabilizar aspectos relevantes da xestión do orzamento, polo que no articulado destas bases existirán numerosas referencias á dita norma. Por outra parte, tamén existiran referencias ao Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado no Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020.

O citado Regulamento de xestión orzamentaria da USC (en adiante, Regulamento) establece no seu artigo 35 a necesidade de realizar unha planificación previa das actividades precisas para a consecución dos obxectivos fixados, de forma que se garanta a execución eficiente dos créditos do orzamento no exercicio, e o cumprimento dos prazos marcados polo ciclo orzamentario.

Artigo 1. *Definición*

1. O orzamento da Universidade de Santiago de Compostela constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo pode recoñecer e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

2. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela recóllense as estimacións dos dereitos recoñecidos que se prevén liquidar durante o exercicio por importe de 262.462.300 euros, distribuídos da seguinte forma:

Capítulo		Ingresos non afectados	Ingresos afectados	Ingresos totais
III	Prezos públicos e outros ingresos	24.959.285	9.537.215	34.496.500
IV	Transferencias correntes	140.667.260	4.163.000	144.830.260
V	Ingresos patrimoniais	475.000	-	475.000
VI	Alleamento de investimentos reais	2.850.000	-	2.850.000
VII	Transferencias de capital	26.586.905	50.493.635	77.080.540
IX	Pasivos financeiros	-	2.730.000	2.730.000
Total orzamento de ingresos		195.538.450	66.923.850	262.462.300

3. Nos estados de gastos dos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela consígnanse créditos por importe de 262.462.300 euros, distribuídos da seguinte forma:

Capítulo		Gastos non afectados	Gastos afectados	Gastos totais
I	Gastos de persoal	157.971.000	-	157.971.000
II	Gastos correntes	24.100.665	2.730.000	26.830.665
III	Gastos financeiros	550.000	-	550.000
IV	Transferencias correntes	1.968.290	1.800.000	3.768.290
V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	750.000	-	750.000
VI	Investimentos reais	7.098.495	62.393.850	69.492.345
IX	Pasivos financeiros	3.100.000	-	3.100.000
Total orzamento de gastos		195.538.450	66.923.850	262.462.300

4. O orzamento de ingreso e gasto dos entes instrumentais da USC (Fundación USC; Sociedade Xestora de Intereses da USC, SLU; así como o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia, adscrito á USC) ascende a un importe un total de 6.409.389 euros, desagregado do seguinte xeito:

Entidade	Orzamento
Fundación USC	593.800
UNIXEST SLU	365.161
CISUG	5.450.428
Total	6.409.389

5. Do orzamento de ingresos dos entes instrumentais, o importe das transferencias realizadas desde a USC é de 1.789.295 euros, desagregado do seguinte xeito:

Entidade	Transferencia
Fundación USC	440.000
UNIXEST SLU	30.000
CISUG	1.319.295
Total	1.789.295

Artigo 3. Vinculación dos créditos

1. Os créditos que figuran no orzamento de gastos asignados a centros ou unidades orgánicas terán a vinculación que se indica no artigo 23 do Regulamento, coas seguintes características adicionais:

- a) Os créditos con financiamento afectado terán carácter vinculante a nivel de partida.
- b) Logo da aprobación da Xerencia, poderán desagregarse os créditos mantendo o nivel de vinculación necesario para ofrecer información coherente cos condicionamentos do financiamento e coas particularidades da dedución de IVE en función da natureza do gasto.
- c) Os créditos destinados a gastos de persoal, terán vinculación a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo.

Artigo 4. Modificacións e redistribucións de crédito

1. As modificacións de crédito, reguladas na sección 2ª do capítulo V do Regulamento, esixirán unha proposta motivada da variación que se efectúe e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. De acordo coa natureza xurídica prevista no artigo 26 do Regulamento terán a consideración de redistribucións de crédito, autorizadas polo reitor, as transferencias que se realicen desde as partidas que teñen a consideración de fondos para dotar de crédito ás partidas para a realización das actividades específicas que se aproben, en particular:

- Actividades singulares de I+D: proxectos, contratos, reunións científicas, convenios e infraestruturas de investigación con financiamento externo.
- Cursos posgrao propio e actividades formativas singulares.

- Cursos de verán.
- Gastos de tribunais de teses de doutoramento.
- Concursos para a provisión de prazas
- Prácticas de campo.
- Gastos ocasionados pola cesión temporal de espazos.

3. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 27 do Regulamento, de conformidade coas regras establecidas nos seguintes apartados.

4. Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- Con carácter xeral, as transferencias de crédito entre operacións correntes e operacións de capital.

Non obstante, habilitase ao reitor para que de xeito extraordinario poida autorizar as transferencias de crédito que se recollen nas distintas epígrafes do citado artigo 27, parágrafo 2º, do Regulamento e aquelas referidas ao seguinte suposto:

- As transferencias propostas no primeiro semestre do exercicio polos centros docentes entre os créditos recibidos para gastos correntes e investimentos, no caso de que sexa preciso atender actuacións non previstas e inaprazables.

5. A dotación do crédito aprobado para a anualidade 2021 das actividades de investigación realizarase mediante redistribucións de crédito desde as partidas de fondos que figuran nos estados de gastos, conforme o indicado no apartado 2 deste mesmo artigo que se corresponderán coa anualidade indicada na respectiva resolución de subvención e, no caso de contratos ou servizos, co importe facturado no exercicio.

6. As dotacións específicas para a realización dos cursos de posgrao faranse de xeito análogo ao establecido no parágrafo anterior mediante distribucións de crédito desde a partida de fondos ás partidas correspondentes de cada curso, segundo a proposta do Centro de Estudos Propios.

Artigo 5. *Gastos de persoal*

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2021.

2. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos públicos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas

sociais, non poderán superar os ingresos. Así mesmo, poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custos da estrutura de persoal.

3. Terán a consideración de crédito ampliable os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof Codina.

4. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

5. As axudas destinadas a financiar os seguintes gastos imputaranse con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social:

a) Axudas para prezos públicos dirixidas ao persoal por servizos académicos no Sistema Universitario de Galicia

b) Medidas de apoio a traballadores que teñan ao seu cargo fillos diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais.

c) Seguros de vida, invalidez e morte.

d) Plan de pensións.

e) Gratuidade no uso de instalacións e servizos da universidade e cheque infantil no Campus de Lugo

f) Custo dos programas vacacionais de intercambio

g) Anticipos reintegrables

Artigo 6. Compromisos plurianuais e tramitación anticipada

1. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas no artigo 45 do Regulamento.

2. Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2021 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio, así como a súa actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.

3. Poderán tramitarse anticipadamente no exercicio 2021 expedientes de gasto, con imputación no exercicio seguinte, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos termos e condicións previstas no artigo 46 do Regulamento.

4. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal para os exercicios futuros, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

5. Así mesmo, no exercicio 2021 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos administrativos ou de persoal en vigor. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado, no caso de contratos de contía variable, de acordo coa información subministrada polo servizo competente.

Artigo 7. Imputación de gastos

1. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2021.

2. O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar por proposta do director ou directora da unidade de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3. Imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior a facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores e as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao peche dese exercicio, por non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 8. Remanentes de crédito

1. De conformidade co establecido no artigo 33 do Regulamento, procederase á anulación daqueles créditos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas, salvo os supostos de incorporación previstos

no parágrafo 2º dese mesmo artigo, que se refiren a gastos con financiamento afectado e á aprobación de programas propios plurianuais.

2. Poderán non obstante incorporarse adicionalmente os créditos mencionados no artigo 33.3 do Regulamento, de acordo coa posibilidade de financiamento a través do remanente non afectado de tesouraría.

3. A incorporación dos remanentes de crédito deberá ser autorizada polo reitor, e darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 9. *O fondo de continxencia e outros imprevistos*

1. O crédito habilitado no capítulo V de gasto terá como finalidades prioritarias as seguintes:

- Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendelas.
- Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións
- Custos financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver
- Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais
- Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.

2. Correspóndelle á Xerencia a xestión deste fondo, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 10. *Contratación administrativa*

1. A contratación administrativa na Universidade de Santiago de Compostela realizarase de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e consonte o disposto nas instrucións da Xerencia vixentes. A unidade administrativa

encargada de asesorar, impulsar e xestionar a contratación administrativa na USC é o Servizo de Xestión Económica, que depende da Xerencia.

2. De acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei, a tramitación dos expediente relativos a contratos menores reducirase aos requisitos e á documentación prevista nese artigo. Non obstante, salvo autorización expresa da Xerencia, será esixible a solicitude de tres ofertas para contratos que superen os 12.000 euros no caso de servizos e subministracións, e 25.000 euros no caso de obras.

Artigo 11. *Responsables dos contratos*

1. Terán a condición de responsables dos contratos os directores ou directoras das unidades de gasto, ou ben aquelas persoas responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.

2. Corresponderán ás persoas responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

a) Xustificar, mediante un informe, a necesidade de celebración do contrato, así como tramitar a correspondente proposta de gasto, que deberá estar asinada e contabilizada pola persoa responsable da unidade económica.

b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

c) Elaborar o prego de prescricións técnicas.

d) Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, colaborar co Servizo de Xestión Económica na solicitude formal de ofertas aos licitadores, e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.

e) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.

f) Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.

g) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente.

h) Pór en coñecemento do Servizo de Xestión Económica calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

3. Nos contratos de obras, a persoa responsable do contrato será, con carácter xeral, o director facultativo da obra.

4. As persoas responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da Universidade, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 12. Supervisión dos proxectos de obras

A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a Universidade realizarase por unha unidade de supervisión de proxectos, constituída inicialmente por unha persoa da Área de Infraestruturas con habilitación para a supervisión da viabilidade técnica dos proxectos designada pola Xerencia, e por unha persoa do Servizo de Control Interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións. Esta unidade será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

Artigo 13. Control de terceiros

1. Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica ás empresas, entidades e profesionais para seren adxudicatarios de contratos coa USC. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme o disposto na Lei 9/2017.

2. Así mesmo, deberán acreditar estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non estaren incurso en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación de contratos públicos.

3. A USC poderá requirir a subscripción dunha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais cando se trate de empresas que exerzan actividades de prestación de servizos e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

4. O incumprimento por parte destes empresarios dos requirimentos que se lles efectúe polos servizos competentes da Universidade, en relación coa xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 14. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da Universidade derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Universidade, esixirase segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. A infracción ou aplicación indebida por parte do persoal ao servizo da USC dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público, así como na aplicación das presentes bases, será causa de responsabilidade disciplinaria cando exista negligencia grave debidamente probada, podendo constituír falta moi grave consonte á normativa aplicable.

Artigo 15. Tarifas

Corresponde ao Consello Social a aprobación das tarifas que a Universidade aplique pola prestación de servizos, por proposta da Xerencia, acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social.

Artigo 16. Indemnizacións por razón do servizo

1. O Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020, establece os supostos que dan dereito a abonar contías por estes conceptos con cargo ao orzamento da USC.

Para o aloxamento nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo, darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa. A Xerencia pode esixir a acreditación da non dispoñibilidade de praza nas citadas dependencias para autorizar a tramitación do gasto ou a reposición de fondos.

2. O artigo 9.6 do Regulamento citado prevé que, en determinadas circunstancias, poderá elevarse o importe por aloxamento ata un 50% con respecto ao importe establecido. Para a xustificación dese incremento requírirase:

- Un informe da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto, para incrementos de ata un 10%

- Documentación acreditativa da imposibilidade de contratación por importe inferior para incrementos superiores ao 10%

Para autorizar os incrementos indicados débese ter en conta que o gasto que se produza debe ser considerado elixible por parte dos organismos financiadores, para casos de créditos afectados.

3. O pagamento das axudas de custo e locomoción terá carácter preferente.

Artigo 17. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

1. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha motivación suficiente, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

2. En canto ás cotas por pertenza á asociacións só poderá imputarse ao orzamento da USC o gasto correspondente a cotas a título particular cando se acredite que non existe a opción de cota institucional, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras

3. Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática, idiomas e similares.

Non obstante, poderase autorizar a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando esa formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC . Así mesmo, poderán autorizarse este tipo de gastos en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM.

4. Nas retribucións correspondentes a conferencias cando se superen os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

5. O pagamento de retribucións por colaboracións ao Persoal de Administración e Servizos será autorizado pola Xerencia de conformidade coa normativa aplicable.

6. Libros electrónicos. A compra de libros electrónicos con cargo ao orzamento da USC non poden limitarse a un uso unipersoal, senón que os contidos deben ser accesibles de acordo cos criterios da Biblioteca Universitaria.

Artigo 18. Gastos contratados no comercio electrónico

1. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable mediante comercio electrónico cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a Universidade e inclúa os seus datos fiscais (NIF Q1518001A; enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela)

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2. No suposto de gastos en transporte público tramitados a través de comercio electrónico non será necesaria a factura dirixida á Universidade, indicada no apartado anterior, servindo de xustificante para a axuda de custo e locomoción para a contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público. A documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento

3. De acordo coa política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas (pemes), presente tanto nas directivas de contratación pública comunitarias como na lexislación de contratos vixente, incentivarase na medida do posible o número de ofertas recibidas por parte de operadores económicos que reúnan tal condición.

Artigo 19. Ingresos para a compensación de custos indirectos

1. Os ingresos para a compensación dos custos indirectos serán os establecidos no anexo D dos orzamentos. A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base imponible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

2. O único límite á aplicación dos custes indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

3. Por resolución reitoral poderanse aprobar porcentaxes bonificadas de ingresos por custos indirectos para actividades que, polo seu carácter estratéxico ou por motivos de interese público, se aliñen cos obxectivos e fins da Institución.

Disposición adicional primeira. Operacións de crédito a curto prazo.

Para atender necesidades transitorias de tesouraría, autorízase ao reitor a concertar operacións de crédito a curto prazo, que non excedan de un ano, sempre que exista crédito suficiente nas partidas de gasto. Para estes efectos terán a consideración de operacións de crédito a curto prazo, entre outras, os préstamos e créditos concedidos por entidades financeiras para cubrir desfases transitorios de tesourería.

Disposición adicional segunda. Adaptación das partidas do orzamento.

Se, como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto se producen cambios na codificación das partidas do orzamento, os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.

Disposición adicional terceira. Orzamento prorrogado.

Logo da aprobación do orzamento da USC para 2021 tomaranse as medidas necesarias para a imputación aos créditos deste das operacións de ingresos e gastos que se produciran durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Disposición adicional cuarta. Recoñecemento extraxudicial de créditos.

Sen prexuízo do procedemento indicado no artigo 5 establécese un procedemento excepcional de recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de terceiros, referido a aqueles gastos que non foron legalmente establecidos para os que se dispón no exercicio corrente de crédito adecuado e suficiente. Nestes supostos a imputación ao exercicio corrente requirirá de:

- Solicitud motivada da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto
- Informe sobre as repercusións xurídicas do recoñecemento extraxudicial de créditos
- Informe favorable do Servizo de Control Interno
- Proposta de aprobación por parte da Xerencia
- Autorización definitiva polo Consello de Goberno e Consello Social.

Disposición adicional quinta. Clasificación das partidas do orzamento.

1. De acordo cos obxectivos declarados na exposición de motivos do Regulamento de Xestión orzamentaria, a Xerencia actualizará as clasificacións económicas das partidas de gastos e ingresos adaptándoas á clasificación da administración da Comunidade Autónoma e do Estado para aquelas tipoloxías de créditos que sexan comúns, e especificando os créditos que, pola súa singularidade, non teñan equivalencia noutras administracións.

2. A Xerencia elaborará igualmente unha proposta de clasificación funcional dos gastos, que atenderá ás fins atribuídos á USC como universidade pública, e permita unha mellor categorización e comprensión da utilización dos recursos públicos xestionados.

3. As clasificacións indicadas serán publicadas pola Xerencia e manteranse actualizadas permanentemente do mesmo xeito que a clasificación orgánica.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento das bases de execución

Facúltase ao Xerente da Universidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nestas bases.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Estas bases e os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2021 entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Social, sen prexuízo da súa aplicación desde o 1 de xaneiro de 2021.

III. ANEXOS

Anexo A. Clasificación orgánica do orzamento

ÓRGANOS DE GOBERNO

Código	Unidade
8010	Oficina Reitor
8032	Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo
8046	Vicerreitoría de Profesorado
8047	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos
8048	Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional
8049	Vicerreitoría de Organización Académica
8050	Vicerreitoría de Investigación e Innovación
8051	Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade
8052	Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional
8053	Vicerreitoría de Calidade
8060	Secretaría Xeral
8070	Consello Social
8075	Xerencia

CENTROS DOCENTES

Código	Unidade
5010	Facultade de Bioloxía
5011	Facultade de Ciencias
5012	Facultade de Ciencias da Comunicación
5013	Facultade de Administración e Dirección de Empresas
5014	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
5015	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
5016	Facultade de Ciencias da Educación
5017	Facultade de Formación do Profesorado
5024	Facultade de Relacións Laborais
5025	Facultade de Dereito
5035	Facultade de Farmacia
5040	Facultade de Filoloxía
5045	Facultade de Filosofía
5050	Facultade de Física
5053	Facultade de Humanidades
5055	Facultade de Medicina e Odontoloxía
5056	Facultade de Óptica e Optometría
5057	Facultade de Enfermaría
5060	Facultade de Matemáticas
5064	Facultade de Psicoloxía
5065	Facultade de Química
5070	Facultade de Veterinaria
5075	Facultade de Xeografía e Historia
5250	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
5260	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS

Código	Unidade
2101	Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
2103	Departamento de Dereito Común
2108	Departamento de Fundamentos da Análise Económica
2109	Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
2110	Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
2111	Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
2112	Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
2113	Departamento de Fisioloxía
2114	Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola
2120	Departamento de Ciencias Morfolóxicas
2122	Departamento de Filoloxía Galega
2127	Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
2128	Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
2132	Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
2134	Departamento de Física Aplicada
2137	Departamento de Historia da Arte
2140	Departamento de Xeografía
2142	Departamento de Matemática Aplicada
2146	Departamento de Química Inorgánica
2147	Departamento de Química Física
2148	Departamento de Química Orgánica
2149	Departamento de Enxeñaría Química
2150	Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
2151	Departamento de Electrónica e Computación
2152	Departamento de Ciencias da Comunicación
2165	Departamento de Economía Cuantitativa
2167	Departamento de Patoloxía Animal
2183	Departamento de Botánica
2186	Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
2189	Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias
2190	Departamento de Bioloxía Funcional
2191	Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
2192	Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
2193	Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
2194	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
2195	Departamento de Didácticas Aplicadas
2196	Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
2197	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
2198	Departamento de Filosofía e Antropoloxía
2199	Departamento de Historia
21A1	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xera
21A2	Departamento de Matemáticas
21A3	Departamento de Pedagogía e Didáctica

21A4	Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría
21A6	Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
21A7	Departamento de Economía Aplicada
21A8	Departamento de Física de Partículas
21A9	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
21B1	Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
21B2	Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN

Código	Unidade
2002	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
2003	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)
2004	Centro de Servizos Empresariais e Emprendemento (EMPRENDIA)
2005	Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS)
2010	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)
2011	Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)

INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Código	Unidade
6010	Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
6015	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
6025	Instituto da Lingua Galega (ILG)
6030	Instituto de Criminoloxía
6036	Instituto de Materiais
6040	Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" (INCIFOR)
6045	Instituto de Investigación e Análises Alimentarias (en extinción)
6046	Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IIAQBUS)
6055	Instituto de Dereito Industrial (en extinción)
6065	Instituto de Investigacións Tecnolóxicas (en extinción)
6070	Instituto de Matemáticas
6075	Instituto de Acuicultura
6095	Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

Código	Unidade
7010	Biblioteca Universitaria (BUSC)
7011	Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo
7012	Biblioteca "Concepción Arenal"
7015	Arquivo Histórico
7020	Servizo de Medios Audiovisuais (SERVIMAV)
7025	Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
7033	Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento
7036	Área de Xestión de Investigación
7037	Área de Promoción e Proxectos Internacionais
7039	Área de Infraestruturas de Investigación
7040	Observatorio Astronómico "Ramon María Aller"

- 7050 Museo de Historia Natural
- 7051 Museo Domus do Mitreo
- 7069 Rede de Estacións Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela (REBUSC)
- 7505 Área Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ATIC)
- 7510 Imprenta Universitaria
- 7516 Servizo de Prevención de Riscos

SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Código	Unidade
---------------	----------------

- | | |
|------|--|
| 7535 | Escola Infantil Breogán |
| 7540 | Área Deportiva |
| 7570 | Servizo de Normalización Lingüística |
| 7575 | Valedor da Comunidade Universitaria |
| 7600 | Servizo Universitario de Residencias (SUR) |

OUTROS CENTROS DOCENTES

Código	Unidade
---------------	----------------

- | | |
|------|---|
| 5502 | Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) |
| 5505 | Centro de Estudos Propios (CEP) |
| 5511 | Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) |
| 5512 | Cuarto Ciclo |
| 5513 | Centro de Linguas Modernas (CLM) |

(acceso á información completa da [codificación corporativa](#))

Anexo B. Orzamento de ingresos 2021

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
31000	Prezos públicos en estudos oficiais	18.550.000	-	18.550.000
31101	Posgrao propio	135.000	765.000	900.000
31102	Universidade de verán	15.000	85.000	100.000
31103	Centro de Linguas Modernas	350.000	-	350.000
31104	Cuarto ciclo	50.000	-	50.000
31900	Outros estudos	40.000	-	40.000
32000	Inscrición en concursos e oposicións	40.000	-	40.000
32100	Inscricións en congresos e similares	45.500	304.500	350.000
32200	Dereitos aloxamento Sistema Universitario de Residencias	2.150.000	-	2.150.000
32300	Servizos prestados por actividades de I+D	1.814.785	7.745.215	9.560.000
32400	Servizos prestados docencia	250.000	-	250.000
32500	Instalacións deportivas	350.000	-	350.000
32600	Escola Infantil	125.000	-	125.000
32700	Museos	40.000	-	40.000
32800	Servizos prestados por atencións clínicas	112.500	637.500	750.000
32900	Outros ingresos por prestación de servizos	75.000	-	75.000
33000	Venda de publicacións propias	65.000	-	65.000
33200	Venda fotocopias e outros	1.500	-	1.500
33300	Venda enerxía	60.000	-	60.000
33301	Venda de enerxía eléctrica	60.000	-	60.000
38000	Reintegros exercicios pechados	75.000	-	75.000
38103	Consumos concesionarios	250.000	-	250.000
38104	Indemnizacións por contratos	5.000	-	5.000
38108	Compensacións seguros	50.000	-	50.000
39900	Outros ingresos diversos	250.000	-	250.000
TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS		24.959.285	9.537.215	34.496.500

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
41001	SEPIE. Programa Erasmus	-	1.800.000	1.800.000
43010	Axencia de Turismo de Galicia	-	250.000	250.000
45101	PFGU. Financiamento estrutural. Custo estándar	105.416.400	-	105.416.400
45102	PGFU. Mantemento Consello Social	207.880	-	207.880
45103	PFGU. Financiamento por resultados	17.493.950	-	17.493.950
45104	PGFU. Sexenios, complementos retributivos autonómicos e matrículas	13.044.540	-	13.044.540
45105	PGFU. Accións de mellora da calidade	-	45.000	45.000
45140	Prazas vinculadas (Sergas)	4.177.490	-	4.177.490
46000	De corporacións locais	30.000	170.000	200.000
47000	De empresas privadas	7.500	42.500	50.000
47001	Banco Santander. Convenio	270.000	1.530.000	1.800.000
48000	De familias e institucións sen fins de lucro	19.500	175.500	195.000
48050	Micromecenado	-	150.000	150.000
TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES		140.667.260	4.163.000	144.830.260

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
54000	Cesión de espazos	325.000	-	325.000
55000	Concesións administrativas	100.000	-	100.000
59000	Outtros ingresos patrimoniais	50.000	-	50.000
TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS		475.000	-	475.000

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
61000	Venda de terreos	2.850.000	-	2.850.000
TOTAL CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS		2.850.000	-	2.850.000

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
70100	Ministerios. Recursos investigación	-	2.900.000	2.900.000
70199	Fondos estatais de recuperación	2.000.000	-	2.000.000
73000	Transferencias para I+D estatais (AEI, organismos autónomos)	2.220.000	12.580.000	14.800.000
73002	Recursos Investigación (Instituto de Salud Carlos III)	41.250	233.750	275.000
75000	Transferencias para I+D autonómicas	3.884.500	18.965.500	22.850.000
75001	PGFU. Financiamento por resultados	14.313.220	-	14.313.220
75002	PGFU. Subfondo RAM	2.385.470	-	2.385.470
75009	Outras transferencias de capital autonómicas	-	4.040.000	4.040.000
75201	Transferencias para I+D GAIN	135.000	765.000	900.000
75203	Transferencias Axencia Galega de Turismo	-	450.000	450.000
75204	Transferencias Secretaría Xeral para o Deporte	-	76.600	76.600
76000	Transferencias de capital de corporacións locais	39.225	353.025	392.250
77000	Recursos de I+D de empresas privadas	41.250	233.750	275.000
78000	Recursos de I+D de familias e institucións sen fins de lucro	315.000	1.785.000	2.100.000
79500	Recursos de I+D da Unión Europea	1.211.990	8.111.010	9.323.000
TOTAL CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		26.586.905	50.493.635	77.080.540

CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS

Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
91103	Anticipos para I+D Axencia Estatal de Investigación	-	2.730.000	2.730.000
TOTAL CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS		-	2.730.000	2.730.000

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2021	195.538.450	66.923.850	262.462.300
---	--------------------	-------------------	--------------------

Anexo C. Orzamento de gastos 2021

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

A información do capítulo I que se viña dando nos proxectos de orzamentos resultaba confusa debido a que, por mor das limitacións da codificación das partidas, non resultaba clara a asignación de créditos a colectivos e conceptos. En 2021, e sen prexuízo de que a contabilización dos créditos e dos gastos se realizará a nivel de partida, preséntase a información cun nivel de desagregación máis claro:

Colectivo	Retribucións	Crédito 2021		
PDI Funcionario de Carreira	Retribucións básicas	24.063.900	73.664.100	105.313.900
	Retribucións complementarias	23.285.300		
	Cargos académicos	1.167.000		
	Complemento Mérito Docente	9.200.700		
	Complemento Mérito Investigador	5.793.400		
	Complementos Autonómicos	6.157.700		
	Complementarias SERGAS	2.741.800		
	Complementarias Rof Codina	45.000		
	Seguridade Social	1.209.300		
PDI Laboral. Fixo	Retribucións básicas	5.793.600	21.244.700	105.313.900
	Retribucións complementarias	5.585.000		
	Complemento Mérito Docente	1.547.500		
	Complemento Mérito Investigador	644.800		
	Complementos Autonómicos	964.000		
	Seguridade Social	6.709.800		
PDI Laboral. Temporal	Retribucións básicas	5.117.300	9.114.600	105.313.900
	Retribucións complementarias	3.605.800		
	Seguridade Social	391.500		
PDI Funcionario e Laboral. Prestacións Seguridade Social		570.500	570.500	
PDI Funcionario e Laboral. Plan de persoal		720.000	720.000	

Colectivo	Retribucións	Crédito 2021		
PAS Funcionario de Carreira	Retribucións básicas	6.110.600	17.168.700	51.599.200
	Retribucións complementarias	8.180.500		
	Cargos académicos	7.100		
	Seguridade Social	2.870.500		
PAS Funcionario. Eventual	Retribucións	147.800	193.600	
	Seguridade Social	45.800		
PAS Funcionario. Temporal	Retribucións básicas	2.503.700	8.201.200	
	Retribucións complementarias	3.464.700		
	Seguridade Social	2.232.800		
PAS Laboral. Fixo	Retribucións básicas	10.570.600	16.870.300	
	Retribucións complementarias	2.817.300		
	Seguridade Social	3.482.400		
PAS Laboral. Temporal	Retribucións básicas	3.745.000	7.253.100	
	Retribucións	1.717.900		
	Seguridade Social	1.790.200		
PAS Funcionario e Laboral. Prestacións Seguridade Social		1.212.300	1.212.300	
PAS Funcionario e Laboral. Plan de persoal		700.000	700.000	
Altos Cargos (Secretaria Xeral e Xerente)	Retribucións básicas	32.300	210.500	
	Retribucións complementarias	128.400		
	Seguridade Social	49.800		
Alta Dirección (Secretaria C. Social)	Retribucións	48.800	63.900	
	Seguridade Social	15.100		
Gratificacións (artigo 15)		15.000	15.000	
Formación de PAS		90.000	90.000	
Acción Social		678.500	678.500	
TOTAL CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL			157.971.000	

CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
2268	2000	22000	Gastos correntes CEBEGA	15.000	-	15.000
5502	3000	22000	Gastos corrente do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe	50.000	-	50.000
5505	3000	22000	Gastos correntes do Centro de Estudos propios	17.000	-	17.000
5505	1100	22800	Fondos para cursos de posgrao	-	765.000	765.000
5505	1801	22800	Gastos de organización e desenvolvemento do IV Ciclo	42.500	-	42.500
5511	3000	22000	Gastos correntes da Escola de doutoramento Internacional (EDIUS)	34.000	-	34.000
5513	3000	22000	Gastos correntes do Centro de Linguas Modernas	42.000	-	42.000
6030	3000	22000	Gastos correntes do Instituto de Criminoloxía	20.995	-	20.995
6510	1071	22800	Mestrado en Avogacía	55.250	-	55.250
7010	3001	21500	Reparación e mantemento de moblaxe e equipamento. BUSC	59.500	-	59.500
7010	3001	22000	Gastos correntes da BUSC	64.600	-	64.600
7010	3001	22007	Adquisición libros para a BUSC	255.000	-	255.000
7010	3001	22008	Adquisicións revistas e outras publicacións por parte da BUSC	500.000	-	500.000
7010	3001	22700	Acceso Revistas electrónicas da BUSC	1.543.000	-	1.543.000
7010	4000	22700	Dixitalización contidos audiovisuais da BUSC	8.500	-	8.500
7015	3000	22000	Gastos correntes Arquivo Histórico	12.750	-	12.750
7020	3000	22000	Gastos correntes do SERVIMAV	3.400	-	3.400
7025	3000	22000	Gastos correntes do Servizo de Publicacións Intercambio Científico	6.800	-	6.800
7039	2308	21500	Reparación de equipamento e material científico. All	450.000	-	450.000
7040	3000	22000	Gastos correntes Observatorio Astronómico	2.000	-	2.000
7050	4000	22000	Gastos correntes do Museo de Historia Natural	63.750	-	63.750
7051	4000	22000	Gastos correntes do Museo Domus Mitrea	34.000	-	34.000
7069	2000	22000	Gastos correntes Rede Estacións Biolóxicas (REBUSC)	5.000	-	5.000
7505	3000	22000	Gastos correntes da Área das TIC	15.300	-	15.300
7535	9000	22000	Gastos correntes da Escola Infantil Breogán	25.000	-	25.000
7540	9400	22900	Servizo de Deportes. Extensión universitaria	25.500	-	25.500

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
7570	4700	22602	Normalización Lingüística: Información e divulgación	38.250	-	38.250
7575	9000	22000	Gastos correntes do Valedor da Comunidade Universitaria	1.000	-	1.000
7600	9100	22100	Subministracións Servizo Universitario de Residencias	80.000	-	80.000
8010	3000	22000	Gastos correntes da Oficina do Reitor	30.175	-	30.175
8010	3000	22601	Atencións protocolarias da Oficina do Reitor	23.800	-	23.800
8010	3000	22602	Gastos de información e divulgación. Oficina do Reitor	86.530	-	86.530
8032	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo	15.300	-	15.300
8032	3000	22601	Vicerreitoría de Coordinación do Campus Lugo. Atencións protocolarias	1.000	-	1.000
8032	9906	22900	Programa Lugo Cultural	20.400	-	20.400
8046	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Profesorado.	2.000	-	2.000
8046	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Profesorado	1.000	-	1.000
8046	3000	23000	Axudas de custo e locomoción docencia multicampus. Vicerreitoría de Profesorado	6.000	-	6.000
8047	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos	26.350	-	26.350
8047	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos	1.000	-	1.000
8047	6001	22800	Cursos e conferencias da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos	12.750	-	12.750
8047	9005	22900	Programa "A Ponte"	25.500	-	25.500
8047	9300	22900	Actividades de Área de Cultura	38.250	-	38.250
8048	3300	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional	15.000	-	15.000
8048	3000	22601	Atencións protocolarias. Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional	1.000	-	1.000
8048	3000	23000	Axudas de custo e locomoción da Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional	8.500	-	8.500
8048	3303	22600	Relacións internacionais institucionais. Vic. Estudantes e Proxección Internacional	19.875	-	19.875
8049	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Organización Académica	3.500	-	3.500
8049	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Organización Académica	1.000	-	1.000
8050	2000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Investigación e Innovación	20.000	-	20.000

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8050	2000	22000	Gastos correntes institutos de investigación	25.000	-	25.000
8050	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Investigación e Innovación	1.000	-	1.000
8051	3000	20600	Licenzas de software para aplicacións corporativas na USC	355.000	-	355.000
8051	3000	21500	Reparación e mantemento de equipamento TIC	410.000	-	410.000
8051	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica	6.800	-	6.800
8051	3590	22000	Gastos correntes das actividades financiadas por convenio co Banco Santander ¹	-	1.055.000	1.055.000
8051	3000	22700	Traballos realizados por empresas e profesionais para a Área TIC	918.800	-	918.800
8052	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional	55.250	-	55.250
8052	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Titulacións	1.000	-	1.000
8052	6000	22800	Apoio docencia mestrados oficiais.e prof. máster secundaria	26.500	-	26.500
8052	3303	22600	Relacións internacionais institucionais. Vic. Titulacións e Captación Internacional	19.875	-	19.875
8052	3304	22600	Gastos diversos para captación exterior. Vic. Titulacións e Captación Internacional	39.750	-	39.750
8053	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Calidade	7.000	-	7.000
8053	3000	22601	Atencións protocolarias. Vicerreitoría de Calidade	1.000	-	1.000
8053	3200	22609	Área de Calidade e Mellora de Procedementos. Vicerreitoría de Calidade	68.000	-	68.000
8060	3000	22000	Gastos correntes da Secretaría Xeral	165.000	-	165.000
8060	3000	22601	Atencións protocolarias da Secretaria Xeral	1.000	-	1.000
8060	3000	22603	Gastos xurídicos e contenciosos de Servizos Centrais	40.000	-	40.000
8060	3000	22605	Servizos Centrais: Procesos electorais	20.000	-	20.000
8060	6001	22609	Gastos da Área académica e expedición de títulos	125.000	-	125.000
8070	3000	22000	Gastos correntes do Consello Social	99.875	-	99.875
8075	3000	20400	Arrendamento de vehículos	37.200	-	37.200
8075	3000	20600	Arrendamento centralizado de equipos impresión	75.000	-	75.000
8075	3000	21200	Reparación e mantemento de edificios da Xerencia	160.000	-	160.000
8075	3000	21300	Reparación e mantemento maquinaria e instalacións	1.175.000	-	1.175.000

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	21400	Reparación e mantemento de vehículos	7.500	-	7.500
8075	3000	21500	Reparación e mantemento de equipamento e mobiliario, Xerencia	12.000	-	12.000
8075	1800	22000	Fondo para a Prestación de servizos diversos	-	75.000	75.000
8075	3000	22000	Gastos correntes da Xerencia	60.000	-	60.000
8075	3450	22000	Fondo para gastos correntes financiados por convenios finalistas	-	400.000	400.000
8075	3500	22000	Gastos correntes dos centros docentes	1.171.000	-	1.171.000
8075	3501	22000	Fondo para dotación de gastos correntes dos centros derivados da cesión de espazos	-	200.000	200.000
8075	3000	22100	Subministracións centralizadas	5.450.000	-	5.450.000
8075	3000	22200	Comunicacións. Servizos centrais	186.090	-	186.090
8075	3000	22400	Servizos Centrais. Primas de seguros	175.000	-	175.000
8075	3000	22500	Tributos	100.000	-	100.000
8075	3000	22601	Atencións protocolarias da Xerencia	1.000	-	1.000
8075	3008	22700	Traballos encargados ao exterior no ámbito da Prevención de riscos	300.000	-	300.000
8075	3000	22701	Limpeza das instalacións da USC	7.200.000	-	7.200.000
8075	3000	22702	Seguridade da USC	1.480.000	-	1.480.000
8075	3000	22705	Estudos, asistencia e traballos técnicos encargados pola Xerencia	75.000	-	75.000
8075	1900	22900	Fondo para a Universidade de Verán	-	85.000	85.000
8075	3600	22900	Fondo para actividades de mecenado	-	150.000	150.000
8075	6000	23002	Tribunais Teses de doutoramento	116.000	-	116.000
8075	6000	23301	Tribunais e órganos de selección prazas PDI	60.000	-	60.000
8075	3000	23302	Tribunais e órganos de selección prazas PAS	25.000	-	25.000
8075	3000	23303	Cargos académicos estudantes	20.000	-	20.000
TOTAL CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS				24.100.665	2.730.000	26.830.665

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	5000	31000	Xuros de préstamos	150.000	-	150.000
8075	5000	35900	Outros gastos financeiros	150.000	-	150.000
8075	5000	35901	Xuros de demora	250.000	-	250.000
TOTAL CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS				550.000	-	550.000

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8047	4400	48300	Fundación USC	440.000	-	440.000
8048	3301	48200	Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional Bolsas de internacionalización	30.600	-	30.600
8048	3302	48200	Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional Accións de promoción internacional	6.000	-	6.000
8048	3300	48000	Fondo para xestión de axudas do programa Erasmus	-	1.800.000	1.800.000
8075	3933	48300	Xerencia. Compensación por explotación da Casa de Europa	30.000	-	30.000
8010	3901	48300	Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais	9.565	-	9.565
8010	3902	48300	Fundación Rof Codina	380.000	-	380.000
8010	3903	48100	Museo do Pobo Galego	1.000	-	1.000
8010	3904	48300	Grupo Compostela de Universidades	7.000	-	7.000
8010	3907	48300	Padroado Casa da Troia	1.000	-	1.000
8010	3930	48300	Fundación Rosalía de Castro	625	-	625
8047	4004	48000	Vicerreitoría de Igualdade Cultura e Servizos. Proxectos culturais e de sostibilidade	35.000	-	35.000
8048	3306	48000	Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional Bolsas estudantes	35.000	-	35.000
8051	3000	48300	Subvencións Consorcio Interuniversitario do SUG (CISUG)	395.000	-	395.000
8052	3302	48100	Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional. Accións de promoción internacional	30.000	-	30.000
8070	9001	48100	Consello Social. Accións de Retención de Talento	10.000	-	10.000
8070	3919	48000	Consello Social. Axudas extraordinarias por causas sobrevidas	25.000	-	25.000
8070	9921	48300	Consello Social. Convocatoria de axudas	22.500	-	22.500
8075	3913	48000	Xerencia. Bolsas transporte e residencias	510.000	-	510.000
TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES				1.968.290	1.800.000	3.768.290

CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	5000	50000	Xerencia. Fondo de continxencia e outros imprevistos	750.000	-	750.000
TOTAL CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS				750.000	-	750.000

CAPÍTULO VI. INVERSIONES REALES

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
7010	3001	62600	Mobiliario e equipamento para a BUSC	17.000	-	17.000
7039	2200	64000	Servizos xerais de Investigación da AII	120.000	-	120.000
7050	4000	62600	Equipamento para o Museo de Historia Natural	21.250	-	21.250
7051	4000	62600	Equipamento para o Museo Domus Mitrae	1.785	-	1.785
7540	9400	62600	Equipamento para o Servizo de Deportes	12.750	-	12.750
8050	2301	64000	Recursos I+D+i. Vicerreitoría de Investigación e Innovación	525.000	-	525.000
8050	7000	64100	Fondo para a dotación de actividades de I+D financiadas mediante Subvencións ²	-	49.250.000	49.250.000
8050	7000	64200	Fondo para a dotación de actividades de I+D financiadas por prestación de servizos ²	-	8.500.000	8.500.000
8051	3000	62600	Equipos para procesamento da información e comunicacións da ATIC	290.000	-	290.000
8051	3590	64000	Gastos de investimento financiados por convenio co Banco Santander ¹	-	385.000	385.000
8070	3000	62600	Mobiliario e Equipamento para o Consello Social	25.000	-	25.000
8075	302A	62000	Plan de Infraestruturas ³	700.000	-	700.000
8075	306A	62000	Accións de innovación e dixitalización do SUG ³	-	4.040.000	4.040.000
8075	307A	62000	Accións financiadas co Plan Estatal de Recuperación	800.000	-	800.000
8075	308A	62000	Actuacións remodelación pistas de atletismo	-	218.850	218.850
8075	3000	62600	Mobiliario e equipamento da Xerencia	35.710	-	35.710
8075	3500	62600	Mobiliario e equipamento centros docentes	650.000	-	650.000
8075	300A	63000	Actuacións de reparación, ampliación e mellora (RAM) de edificios e instalacións	1.700.000	-	1.700.000
8075	301A	63000	Obras RAM para centros docentes ³	1.000.000	-	1.000.000
8075	2000	64000	Actuacións en materia de persoal de I+D	500.000	-	500.000
8075	3500	64000	Funcionamento departamentos	300.000	-	300.000
8075	3501	64000	Xestión directa de gastos xerais en centros de investigación	400.000	-	400.000
TOTAL CAPÍTULO VI. INVERSIONES REALES				7.098.495	62.393.850	69.492.345

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	5000	91100	Amortización de anticipos reembolsables	1.150.000	-	1.150.000
8075	5000	91300	Amortización préstamos bancarios a longo prazo	1.950.000	-	1.950.000
TOTAL CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS				3.100.000	-	3.100.000

	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2021	195.538.450	66.923.850	262.462.300

NOTAS:

1. Máis detalle destas partidas no Anexo G
2. Detalle da composición destes créditos no Anexo F
3. Detalle da composición destas partidas no Anexo H

Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios

Asígnanse aos departamentos universitarios para o seu funcionamento os créditos que se indican na táboa seguinte, en función do número de PDI equivalente a tempo completo de cada departamento. O crédito total figura na partida centralizada 8075-3500-64000.

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Departamento	Crédito
2101	3000	64000	Dereito Público e Teoría do Estado	3.795,00
2103	3000	64000	Dereito Común	3.729,00
2108	3000	64000	Fundamentos da Análise Económica	3.729,00
2109	3000	64000	Economía Financeira e Contabilidade	5.216,00
2110	3000	64000	Organiz. de Empresas e Comercializ.	5.337,00
2111	3000	64000	Bioquímica e Bioloxía Molecular	5.241,00
2112	3000	64000	Microbioloxía e Parasitoloxía	5.216,00
2113	3000	64000	Fisioloxía	4.211,00
2114	3000	64000	Edafoloxía e Química Agrícola	2.852,00
2120	3000	64000	Ciencias Morfolóxicas	4.008,00
2122	3000	64000	Filoloxía Galega	7.281,00
2127	3000	64000	Psicol. Clínica e Psicobioloxía	5.332,00
2128	3000	64000	Psicol. Evolutiva e da Educación	4.176,00
2132	3000	64000	Psicol. Social, Básica e Metodoloxía	4.830,00
2134	3000	64000	Física Aplicada	9.605,00
2137	3000	64000	Historia da Arte	4.272,00
2140	3000	64000	Xeografía	3.049,00
2142	3000	64000	Matemática Aplicada	4.795,00
2146	3000	64000	Química Inorgánica	3.379,00
2147	3000	64000	Química Física	5.860,00
2148	3000	64000	Química Orgánica	6.997,00
2149	3000	64000	Enxeñaría Química	4.993,00
2150	3000	64000	Química Análítica, Nutric. e Brom.	7.286,00
2151	3000	64000	Electrónica e Computación	8.052,00
2152	3000	64000	Ciencias da Comunicación	5.503,00
2165	3000	64000	Economía Cuantitativa	4.439,00
2167	3000	64000	Patoloxía Animal	3.552,00
2183	3000	64000	Botánica	2.308,00
2186	3000	64000	Filoloxía Inglesa e Alemá	7.818,00
2189	3000	64000	Anatomía, Prod. An. e CC. Cl. Vet.	4.800,00
2190	3000	64000	Bioloxía Funcional	4.439,00
2191	3000	64000	Ciencia Política e Socioloxía	8.082,00
2192	3000	64000	CC Foren. An. Pat, Xin. e Obs e Ped	5.223,00
2193	3000	64000	Cirurgía e Espec. Médico-Cirúrxicas	9.087,00
2194	3000	64000	Dereito Públic Espec. e da Empresa	8.006,00
2195	3000	64000	Didácticas Aplicadas	8.761,00
2196	3000	64000	Farmacoloxía, Farmacia e Tec. Farm.	5.332,00
2197	3000	64000	Filol. Clásica, Francesa e Italiana	5.419,00
2198	3000	64000	Filosofía e Antropoloxía	4.363,00
2199	3000	64000	Historia	9.411,00
21A1	3000	64000	Ling. e Lit. Esp, Tº Lit e Lin. Xer	8.022,00
21A2	3000	64000	Matemáticas	4.439,00
21A3	3000	64000	Pedagogía e Didáctica	11.984,00

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Departamento	Crédito
21A4	3000	64000	Prod. Vexetal e Prox. de Enxeñaría	4.176,00
21A6	3000	64000	Zoolox., Xenética e Antrop. Física	4.795,00
21A7	3000	64000	Economía Aplicada	7.321,00
21A8	3000	64000	Física de Partículas	7.661,00
21A9	3000	64000	Enxeñaría Agroforestal	9.249,00
21B1	3000	64000	Estatística, Análise Matem. e Optim	5.388,00
21B2	3000	64000	Psic., Radiol., S. Púb., Enf. e Med.	12.032,00
8075	3500	64000	Funcionamento departamentos (*)	5.149,00
TOTAL				300.000,00

Anexo E. Créditos asignados aos centros docentes

Os créditos que se poñen a disposición dos centros docentes corresponden aos tres bloques seguintes:

- Gastos correntes descentralizados
- Mobiliario e equipamento
- Obras de reparación, ampliación e mellora

Os criterios de reparto derívanse da aplicación de diversas variables acordadas cos propios centros, en dan lugar aos importes que se indican a continuación:

Centros	Importe que se debe xustificar como accións de mellora	Total capítulo II (partida [centro]-3000-22000)	Total mobiliario e equipamento (partida [centro]-300-62600)	Total obra RAM (partida [centro]-301A-63000)	Total
Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	5.524,56	56.063,63	27.622,80	42.496,6	126.183,03
Escola Técnica Superior de Enxeñaría	4.754,90	46.907,57	23.774,51	36.576,17	107.258,25
Facultade de Administración e Dirección de Empresas	2.201,37	15.559,28	11.006,87	16.933,65	43.499,81
Facultade de Bioloxía	4.982,11	53.663,79	24.910,55	38.323,92	116.898,25
Facultade de Ciencias	3.060,68	30.241,43	15.303,40	23.543,69	69.088,52
Facultade de Ciencias da Comunicación	3.727,45	33.905,77	18.637,23	28.672,66	81.215,66
Facultade de Ciencias da Educación	10.072,50	77.217,71	50.362,48	77.480,74	205.060,93
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	7.846,13	52.783,96	39.230,66	60.354,87	152.369,50
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	2.415,46	16.237,34	12.077,30	18.580,46	46.895,10
Facultade de Dereito	6.555,22	41.993,75	32.776,10	50.424,77	125.194,62
Facultade de Enfermaría	3.027,38	29.148,38	15.136,92	23.287,57	67.572,86
Facultade de Farmacia	8.268,52	96.943,81	41.342,59	63.603,99	201.890,39
Facultade de Filoloxía	8.925,60	63.679,19	44.628,02	68.658,49	176.965,69
Facultade de Filosofía	1.369,05	8.770,32	6.845,23	10.531,13	26.146,69
Facultade de Física	4.260,49	38.936,24	21.302,47	32.773,03	93.011,73
Facultade de Formación do Profesorado	3.772,39	33.250,99	18.861,97	29.018,42	81.131,39
Facultade de Humanidades	1.697,35	10.873,45	8.486,73	13.056,50	32.416,68
Facultade de Matemáticas	4.177,51	34.955,44	20.887,55	32.134,70	87.977,69

Facultade de Medicina e Odontoloxía	15.064,24	137.814,37	75.321,22	115.878,81	329.014,40
Facultade de Óptica e Optometría	1.865,28	23.636,59	9.326,38	14.348,28	47.311,25
Facultade de Psicoloxía	4.962,50	35.201,10	24.812,49	38.173,0	98.186,66
Facultade de Química	5.136,88	63.004,11	25.684,40	39.514,46	128.202,96
Facultade de Relacións Laborais	2.418,79	15.935,34	12.093,95	18.606,08	46.635,37
Facultade de Veterinaria	7.144,30	110.069,58	35.721,49	54.956,13	200.747,19
Facultade de Xeografía e Historia	6.769,34	44.206,86	33.846,69	52.071,82	130.125,36
Total	130.000,00	1.171.000,00	650.000,00	1.000.000,00	2.821.000,00

Anexo F. Composición das partidas do fondo de I+D+i

F.1. FONDO PARA PROXECTOS FINANCIADOS POR CONVOCATORIAS COMPETITIVAS (8050-7000-64100)

FINANCIAMENTO PARA PROXECTOS EN CONVOCATORIAS COMPETITIVAS	Recursos xa obtidos para 2021		Estimación de novas axudas	TOTAL PREVISTO EN 2021
	Núm proxectos	Importe	Importe	IMPORTE
Axudas para infraestruturas científicas	1	472.533,40	3.900.000,00	4.372.533,40
Programas incorporación RRHH autonómicos	18	5.092.980,23	1.276.000,00	6.368.980,23
Programas incorporación RRHH estatais	28	4.974.010,93	1.143.000,00	6.117.010,93
Cofinanciamentos autonómicos de programas RRHH estatais	11	954.927,87	0,00	954.927,87
Programas RRHH europeos	7	406.078,31	30.000,00	436.078,31
Programas RRHH de fundacións	6	382.292,00	30.000,00	412.292,00
Proxectos I+D Plan Estatal	182	5.659.258,10	2.899.520,00	8.558.778,10
Proxectos e axudas I+D autonómicas	170	9.158.942,63	2.065.224,00	11.224.166,63
Proxectos financiados pola Comisión Europea	125	6.550.485,47	1.305.000,00	7.855.485,47
Proxectos financiados por outras administracións	25	1.807.745,21	25.200,00	1.832.945,21
Proxectos financiados por fundacións e outras organizacións	20	1.089.801,33	25.200,00	1.115.001,33
Proxectos financiados con prestación de servizos diversas (*)	101	186.189,61	0,00	186.189,61
TOTAIS	694	36.735.245,09	12.699.144,00	49.434.389,09
(*) O financiamento deste tipo de actividades non procede necesariamente do fondo de proxectos, debido á súa natureza				

F.2. FONDO PARA ACTIVIDADES DE I+D FINANCIADAS POR CONTRATOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS (8050-7000-64200)

FINANCIAMENTO PARA CONTRATOS E SERVICIOS DE I+D	Recursos xa obtidos e dotados para 2021		Recursos xa obtidos pendentos de dotar para 2021		Estimación de novos recursos	TOTAL PREVISTO PARA 2021
	Núm proxectos	Importe	Núm proxectos	Importe	Importe	IMPORTE
Contratos de I+D con empresas	80	1.116.988,41	118	1.418.161,59	1.433.390,00	3.968.540,00
Contratos de I+D con entidades sen ánimo de lucro	17	1.094.912,72	17	155.987,28	707.270,00	1.958.170,00
Contratos de I+D con entidades públicas	56	635.538,39	35	345.811,61	554.860,00	1.536.210,00
Prestacións de servizos de I+D	44	113.263,98	269	518.836,02	357.390,00	989.490,00
Outros contratos e servizos de I+D	3	24.173,97	5	6.226,03	17.190,00	47.590,00
TOTAIS	200		444			8.500.000,00

Anexo G. Distribución dos fondos do convenio co Banco Santander

Orgánica	Funcional	Económica	Crédito 2021	Partida
8075	359M	48100	35.000	Acción 1.1 convenio: Programa de Mentoring
8050	359B	64000	125.000	Acción 1.2 convenio: Bolsas de iniciación á investigación
8047	359C	22900	70.000	Acción 1.3 convenio: Programa de Responsabilidade Social
7540	359D	22900	80.000	Acción 1.4 convenio: Programa de fomento da oferta cultural e deportiva USC
8048	359E	48100	40.000	Acción 1.5 convenio: Participación da USC no Programa Bolsas ao Estudo Santander
